

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2013**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día cinco de setembro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Esta sesión ten lugar con carácter supletorio da correspondente ao día 29 de agosto de 2013, segundo o acordo adoptado por todos os grupos municipais na sesión ordinaria conxunta das comisións informativas do día 26 de xuño de 2013.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M<sup>a</sup> Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, de EU; dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballeda Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre.

Non asisten, con escusa, don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona Eva María Casal Sanjurjo, interventora accidental, e dona Verónica M<sup>a</sup> Otero López, como secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. PARTE RESOLUTIVA**

#### **1.1. Toma de posesión como concelleira do Concello de Cambre de dona María Eugenia Mantiñán Méndez, por UxC**

A secretaria accidental informa de que no pasado pleno extraordinario do día 31 de xullo de 2013, a Corporación tomou coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro presentada por don José Antonio Orosa Fernández, de UxC, así como da renuncia á súa credencial presentada por don José Luis Marzoa Ares, polo que, de conformidade co establecido no artigo 182.1 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, e apartados 1 e 3 da Instrución do 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais, comunicóuselle á Xunta Electoral que o candidato da lista a prol de quen correspondía expedir a credencial acreditativa da condición de electo, atendendo á súa orde de colocación na lista electoral de UxC, era dona M<sup>a</sup> Eugenia Mantiñán Méndez.

Para adquirir a condición plena de concelleiro a lei esixe unha serie de requisitos. Un deles é presentar na Secretaría xeral a credencial expedida pola Xunta Electoral, outro cubrir a declaración de bens, incompatibilidades e actividades para a súa inscrición no Rexistro de Intereses, e, finalmente, prestar xuramento ou promesa de acatar a Constitución.

A credencial de dona Maria Eugenia Mantiñán Méndez rexistrouse de entrada no Concello de Cambre o día 13 de agosto de 2013, co núm. 10693, e a interesada presentou o 20 de agosto do 2013, as declaracións de bens, incompatibilidades e actividades, así como copia compulsada da última declaración tributaria do Imposto sobre a renda, polo que deu cumprimento a todos os requisitos.

Conclúe dicindo que, polo tanto, o único que queda é prestar xuramento ou promesa de acatar a Constitución, segundo dispón o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, de 29 de xuño.

A continuación, dona M<sup>a</sup> Eugenia Mantiñán Méndez presta xuramento coa fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril, e promete pola súa conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Cambre, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

O Sr. alcalde dálle a benvida á Corporación.

Os voceiros de todos os grupos municipais tamén lle dan a benvida á nova concelleira de UxC e deséxanlle sorte no desenvolvemento das súas tarefas.

### **1.2. Aprobación, se procede, do día 4 de marzo, martes de Entroido, e martes 24 de xuño, San Xoán, como días festivos de carácter retribuído e non recuperable no Concello de Cambre para o vindeiro ano 2014**

Vista a proposta da Alcaldía de data 30 de agosto de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 3 de setembro de 2013.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que a proposta que traen hoxe a pleno, consensuada na xunta de voceiros, consiste en fixar o martes de Entroido do vindeiro ano e o día de San Xoán como festivos locais, debido, entre outras cousas, a que o día 16 de agosto, San Roque, que se viña fixando tradicionalmente como festivo o vindeiro ano coincide sábado.

Conclúe dicindo que como xa había algunha proposta de distintos grupos para que San Xoán fora festivo, compatibilizaron un pouco todas as sensibilidades.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que manteñen o voto emitido na comisión, e van apoiar esta proposta.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira suplente de EU, manifesta que o seu grupo é un dos que sempre avogaron pola celebración do San Xoán como festivo, de modo que van apoiar a proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, a concelleira presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de PdeC, integrante do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Establecer o día 4 de marzo, martes de Entroido, e martes 24 de xuño, San Xoán, como días festivos de carácter retribuído e non recuperable no Concello de Cambre para o vindeiro ano 2014.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

### **1.3. Aprobación, se procede, das bases de bolsas de estudo para o curso 2013-2014**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación de data 28 de agosto de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 3 de setembro de 2013.

Visto o voto particular presentado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistrado de entrada ao núm. 11379 o día 4 de setembro de 2013, que consta do seguinte teor literal:

*“Texto das bases. **PRIMEIRA**: O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Cambre para a concesión de bolsas de estudo, para gastos de material escolar, libros de texto e uniformes escolares para o curso 2013/2014 como acción de fomento, destinada a familias con escasos recursos económicos e con fillos cursando 2º ciclo de educación infantil, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.*

*Voto particular. **PRIMEIRA**: O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Cambre para a concesión de bolsas de estudo, para gastos de material escolar, libros de texto e uniformes escolares **ou roupaxe destinada á escolarización dos nenos ou necesaria para a formación** para o curso 2013/2014 como acción de fomento, destinada a familias con escasos recursos económicos e con fillos cursando o 2º ciclo de educación infantil, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.*

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que houbo algunha confusión cando trataron este tema na comisión

informativa, por iso quere explicar a xustificación do voto particular. O seu grupo considera que, en principio, o uniforme non debe ser unha medida obxecto de fomento, hai que ter en conta que o Concello de Cambre, os concellos en xeral, non son administración educativa, e a dita administración estima que levar ou non uniforme non está vinculado á escolaridade. O uniforme establécese polos consellos escolares nos colexios públicos, sempre con carácter voluntario, e só se liga á escolarización en centros concertados, e iso que é así só na ensinanza obrigatoria, porque no ámbito da educación secundaria e formación profesional o tema do uniforme só se establece nos colexios concertados e privados.

Na comisión do pasado martes o equipo de goberno dixo que, se sobra diñeiro, por que non se ía axudar aos cidadáns. O grupo socialista entende que neste aspecto non se debería por responsabilidade no gasto dos recursos públicos, recursos que proceden de todos os cidadáns, de parados e de pais que non dan uso ao uniforme.

Tamén lle gustaría recordar que hai apenas dous meses o PSdeG-PSOE presentou unha moción relativa ás axudas de custo do comedor, na que o índice de renda per cápita serviu para que o goberno municipal cualificara aos pais como potentados, e era o mesmo índice de renda per cápita. E iso que segundo a propia administración educativa, o comedor si que é no caso das escolas que están situadas na zona rural condición necesaria para a escolarización. Non ocorre o mesmo co caso do uniforme.

En todo caso, e coa finalidade de tratar de non prexudicar a ninguén, no caso de que se decida fomentar ou aboar os gastos destinados a uniforme, o grupo socialista cre que debe facerse con criterios de igualdade, sen arbitrariedade. Se o Concello de Cambre decide axudar máis aló do material escolar e dos libros de texto, polo menos que o faga en condicións de igualdade, que non converta as axudas nunha medida estímulo do uniforme. Por iso, o que teñen presentado como voto particular é unha extensión das axudas de custo para que non só se destinen a uniformes, senón tamén a calquera tipo de roupa que leven os nenos cuxo centro non teña establecido un uniforme con carácter obrigatorio ou voluntario. E dado que estas axudas están destinadas tamén á formación profesional, pois tamén aquela roupa que necesiten, por exemplo, para o taller, mono, etc.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que as axudas de custo que se dan en Cambre están destinadas a nenos de ensinanza non obrigatoria, co obxecto de axudalos dalgunha maneira.

Respecto do que comenta a Sra. concelleira socialista sobre o uniforme, quere dicirlle que no Concello de Cambre, dende o período 2006-2007 que foi cando se incluíu a palabra uniforme nestas axudas, enténdese por uniforme todo tipo de material, por exemplo, botas, chándal ou tenis. Entenden que a palabra uniforme non ten que facer referencia a ir uniformado, a palabra uniforme inclúe o complemento do calzado, chándal, etc. En todo caso, se consideran que queda máis claro coa redacción proposta no voto particular, eles están de acordo.

O que si quería deixar claro é que non foi este goberno o que lle quería dar uniformidade a ninguén, senón que é algo que xa vén do período 2006-2007, e como

estaba funcionando máis ou menos ben, non se ten cambiado. Agora queda máis claro, pero era o que xa estaban facendo.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais expón que precisamente porque non vai só destinado aos nenos, senón tamén a adultos, alumnos de formación profesional ou adolescentes, cre que queda bastante máis claro na redacción que eles propoñen. Por outro lado, non entende por que entón non o aceptaron na comisión informativa.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel contesta que na comisión non se propuxo nada, simplemente falouse do tema, pero non chegaron a facer ningunha proposta en concreto, agora a proposta si está feita. Ela nas comisións tamén llelo tería aceptado, porque é certo que queda bastante máis claro. É o que xa están facendo, pero queda bastante máis clarificado.

Sometido a votación ordinaria o voto particular presentado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, a concelleira presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de PdeC, integrante do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou o voto particular presentado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE.

A continuación, sometida a votación ordinaria a proposta presentada, incluíndo o voto particular aprobado, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, a concelleira presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de PdeC, integrante do GM, e abstéñense os tres concelleiros de UxC.

A Corporación, por dezaseis votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2013-2014, así como os seus anexos, tal e como se transcriben a continuación:

#### **“BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE BOLSAS DE ESTUDO CURSO 2013/2014**

**PRIMEIRA:** O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Cambre para a concesión de bolsas de estudo, para gastos de material escolar, libros de texto e uniformes escolares ou roupaxe destinada á escolarización dos nenos ou necesaria para a formación para o curso 2013/2014 como acción de fomento, destinada a familias con escasos recursos económicos e con fillos cursando o 2º ciclo de educación infantil, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.

**SEGUNDA:** Para o financiamento deste programa de axudas existe crédito por importe de 10.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2013 323 481 “Bolsas de estudo” do actual orzamento municipal.

**TERCEIRA:** 1.- Poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroado no Concello de Cambre.
- 2) Estar matriculado nun centro escolar.
- 3) Convivir co solicitante da bolsa.
- 4) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual igual ou inferior a 9.000,00 euros.

Quedan excluídos da presente convocatoria os alumnos que cursen educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial, durante o presente curso.

Non poderán acollerse a esta convocatoria as persoas que perciban axuda do departamento de Servizos Sociais e doutra administración para a mesma finalidade.

2.- As axudas poderán ser solicitadas polos representantes legais do alumnado, pais, nais ou titores.

**CUARTA:** Enténdese por «renda per cápita anual familiar» o resultado de dividir a renda da unidade familiar polo número de membros que a integran.

Para os efectos desta convocatoria, a renda anual familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presenten declaración do imposto sobre a renda do 2012, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumaran os recadros 455 (base imponible xeral) e o 465 (base imponible do aforro) da declaración.

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2012, por non estar obrigado a elo, se terán en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que conforman a **unidade familiar**:

- Os pais non separados legalmente e, se é o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, e os fillos que figuren empadroados e residan no domicilio familiar, solteiros menores de 26 anos ou os de maior idade cando teñan algunha minusvalía ou se encontren en situación de desemprego.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmente mediante o correspondente xustificante de empadramento.
- No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el, dita circunstancia acreditarase mediante achega do certificado de defunción.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co beneficiario da bolsa. Non obstante se é o caso, terá consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación e as rendas inclúense dentro do cómputo da renda familiar. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores inclúense dentro do cómputo da renda familiar.
- A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.

Para acreditar aqueles supostos nos que concorran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano 2012, deberá documentarse o exercicio 2013 de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:

- En caso de separación ou divorcio, certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia de dúas nóminas da empresa que apareza na vida laboral ou certificado do empregador. En caso de desemprego, certificado de vida laboral, achegando certificado da Oficina de Emprego, no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara e, en caso de desemprego, en percibir prestación, achegarase, so certificado de vida laboral.
- En caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia de dúas nóminas da empresa que apareza na vida laboral ou certificado do empregador.

**QUINTA:** As solicitudes dirixiranse ao alcalde, podendo presentarse nos rexistros xerais do Concello de Cambre, ou por calquera das formas sinaladas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

O prazo de presentación das solicitudes comezará a partir do día seguinte á publicación destas bases no *Boletín Oficial da Provincia* e será de 10 días naturais, do que se informará a través de trípticos, pantallas dixitais municipais e bandos informativos colocados por todo o municipio así como tamén nun diario dos de maior difusión na provincia.

**SEXTA:** As solicitudes de subvención deberán formularse no **modelo normalizado**, que figura como Anexo I, e que se facilitará nos rexistros xerais do Concello e na páxina web municipal ([www.cambre.org](http://www.cambre.org)) e deberán ir acompañadas dos seguintes documentos:

- Fotocopia (compulsada) do DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos alumnos beneficiarios.
- Fotocopia (compulsada) do libro de familia ou certificado literal de nacemento de todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia (compulsada) do certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios do curso escolar 2013-2014.
- Fotocopia (compulsada) de facturas xustificativas dos gastos realizados en concepto exclusivo de material escolar, libros de texto e uniformes escolares, co nome do beneficiario ou solicitante da bolsa de estudo.
- Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables maiores de idade, para que o concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda (IRPF) e ao cumprimento polos mesmos das súas obrigas tributarias, (esta autorización facilítase xunto co modelo normalizado).
- Documentación acreditativa da renda dos membros da unidade familiar nos supostos de modificación da situación familiar existente no 2012 segundo o disposto na base 4 da convocatoria.
- Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social de cada un dos membros da unidade familiar, segundo o anexo III (esta declaración facilítase xunto co modelo normalizado).
- Impreso de rexistro de Empadramento Colectivo (deberá solicitarse no rexistro de entrada municipal).
- Declaración do solicitante de non percibir axuda ningunha para a mesma finalidade, segundo anexo IV.

Se é o caso:

- Fotocopia (compulsada) do título de familia numerosa.
- Fotocopia (compulsada) da sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia (compulsada) do xustificante de viuvez.
- Fotocopia (compulsada) do certificado de minusvalía.

**Nota.-** Os solicitantes deberán achegar só os orixinais dos documentos, xa que as fotocopias fanse e compúlsanse no rexistro de entrada municipal no momento de presentar a documentación.

Poderase requirir polo concello a presentación dunha declaración xurada relativa a aqueles aspectos que se estime oportuno, para xustificar ingresos non declarables ou calquera outra circunstancia a ter en conta.

**SÉTIMA:** Logo da proposta da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, o alcalde resolverá sobre o outorgamento das bolsas, segundo o baremo seguinte:

- a) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual inferior ou igual a 2.500,00 euros, **25 puntos.**
- b) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita entre 2.500,01 euros e 4.500,00 euros, ambos incluídos, **15 puntos.**
- c) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual entre 4.500,01 euros e 9.000,00 euros, ambos incluídos, **10 puntos.**
- d) Por cada membro da unidade familiar que presente algunha minusvalía, **3 puntos**, por cada un deles.
- e) Por ter o título de familia numerosa, **2 puntos.**
- f) Por pertencer a unha unidade familiar monoparental, **1 punto.**

**OITAVA:** Concederanse 65 bolsas de estudo de 100,00 euros cada unha, destinadas aos alumnos do 2º ciclo de educación infantil, e 25 bolsas de 140,00 euros cada unha, destinadas aos alumnos de bacharelato, formación profesional e educación secundaria para adultos. Outorgaranse aos beneficiarios que obteñan maior puntuación segundo o baremo exposto.

No caso de empate eliminaranse aqueles que teñan unha renda per cápita anual que sexa maior. Se fose o caso de bolsas sobrantes dunha das categorías, pasarían á outra categoría automaticamente.

Se a cantidade xustificada mediante facturas é inferior ao importe da bolsa, a bolsa concederase e aboarase polo importe xustificado. Só se terán en conta, para os efectos de xustificación do gasto realizado, os importes totais ou parciais nas facturas presentadas e emitidas por conceptos que constitúan obxecto de subvención na presente convocatoria, é dicir, material escolar, libros de texto e uniformes escolares.

Unha vez outorgadas as bolsas de estudo e notificado o acordo de concesión, procederase ao pagamento das mesmas en pago único.

**NOVENA:** Os beneficiarios estarán obrigados a:

- a) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponden á intervención municipal.
- b) Comunicar ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.



- c) Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos concedidos durante o prazo de catro anos.
- d) Proceder ao reintegro do percibido en exceso, en caso de incumprimento.

**DÉCIMA:** Previamente á concesión, comprobarase de oficio que os membros da unidade familiar beneficiaria das axudas están ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias municipais, estatais e coa seguridade social e non son debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións.

Para o non previsto nestas bases, aplicaranse as normas xerais contidas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Cambre do 2013, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

## Anexo I

### SOLICITUDE BOLSAS DE ESTUDO CURSO 2013/2014

#### SOLICITANTE (pai, nai, titor legal ou alumno/a maior de idade)

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_, D.N.I.: \_\_\_\_\_,  
 Domicilio: \_\_\_\_\_ Municipio \_\_\_\_\_,  
 Provincia \_\_\_\_\_ Cód.Postal. \_\_\_\_\_ Teléf.: \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_  
 (nai ou pai, segundo proceda, que non sexa o solicitante), D.N.I.: \_\_\_\_\_

**Solicita a Bolsa de Estudo curso 2013/2014 do Concello de Cambre para o/os seu/seus fillo/s:**

#### ALUMNO/A:

- 1) Nome e apelidos: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_
- 2) Nome e apelidos: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_
- 3) Nome e apelidos: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_

**N.º CONTA BANCARIA (do solicitante):** \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_

#### DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Impreso de Empadramento Colectivo
- Autorización de comprobación de datos tributarios e de cumprimento de obrigas tributarias
- Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social
- Declaración do solicitante de non percibir axuda algunha para a mesma finalidade

#### Fotocopia compulsada dos seguintes documentos :

- DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos alumnos beneficiarios

- Libro de familia ou certificado literal de nacemento de todos os membros da unidade familiar
- Facturas xustificativas dos gastos realizados
- Título de familia numerosa
- Sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia do xustificante de viuvez
- Certificado de minusvalía
- Certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios curso escolar 2013-2014
- Outros.....

Cambre, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

Asinado: \_\_\_\_\_

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre (A Coruña)

#### **Anexo II**

### **AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF) E AO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS**

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao Concello de Cambre a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión das bolsas de estudo correspondentes ao curso 2013/2014.

A presente autorización outórgase exclusivamente para o procedemento sinalado, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

**INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA:** Datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2012 e do cumprimento das súas obrigas tributarias

#### **A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN**

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECEMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA (Só maiores de 18 anos)

PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Cambre, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

**NOTA:** A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

### Anexo III

#### DECLARACIÓN XURADA

Don/ dona \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso 2013/2014 do Concello de Cambre,

#### **DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Cambre, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013.

Asdo.: \_\_\_\_\_

***Esta declaración deberá asinarse por todos os membros da unidade familiar maiores de idade.***

## Anexo IV

### DECLARACIÓN XURADA DO SOLICITANTE

Don/ dona \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso 2013/2014 do Concello de Cambre,

#### **DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

Que por ningún dos membros da unidade familiar se percibiu axuda algunha para a mesma finalidade.

Cambre, \_\_\_\_de \_\_\_\_\_ de 2013.

Asdo.: \_\_\_\_\_

Segundo: Aprobar un gasto de 10000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2013 323 481 “Bolsas de estudo” do actual orzamento municipal.

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do concello, así como darlle publicidade mediante avisos nun dos xornais de maior tirada da provincia e mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

#### **1.4. Aprobación inicial, se procede, dunha nova ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar, e derogación da ordenanza actualmente en vigor**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación do día 30 de agosto do 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 3 de setembro de 2013.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que o que se trae hoxe a pleno é unha modificación da actual ordenanza do servizo de axuda no fogar. Este é un servizo consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou familias para que sigan no seu propio domicilio, trata de facilitar a súa permanencia no contorno habitual.

Coa aprobación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, que é o decreto que regula os servizos sociais e o seu financiamento, foi necesario adaptar a ordenanza a ese novo decreto. Simplemente consiste en adecuar a normativa municipal ao decreto aprobado pola Xunta, é algo que están facendo todos os concellos na actualidade.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo van votar favorablemente, pero non sen antes lamentar que o goberno municipal, debendo ter adaptada a ordenanza do servizo de axuda no fogar dende o mes de marzo do pasado ano, para adecuala á lexislación autonómica actualmente en vigor, teña esgotado o máximo do prazo permitido e presente esta ordenanza 18 meses despois de saber que debía actualizala. Ese é o modus operandi do goberno, a última hora e no último momento.

Continúa dicindo que nas comisións informativas do pasado martes preguntáronlle á Sra. concelleira polo número de beneficiarios dos servizos de axuda no fogar que viven sós, a concelleira non tiña esa información, e el preguntalle se llela pode facilitar agora.

Tamén lle pediron que a ordenanza recollese e regulase o servizo de teleasistencia domiciliaria, dirixido a veciños e veciñas de Cambre, anciáns que viven sós, non como algo en condicional, como recolle o documento que se lles presenta. Ela escudouse na necesidade dun informe técnico para modificar tal extremo, aínda que afirmou que o dito servizo xa se prestaba. El o que lle di é que se se presta, que a ordenanza o recolla explicitamente e non como unha posibilidade. Ademais, se o dito servizo se presta, pregunta por que fala agora dun informe técnico, xa que precisamente terá sido un informe técnico o que estableceu no seu momento a conveniencia de outorgar ese servizo, pero en fin, di que non son ninguén sen un informe técnico.

Por último quere recordar que os servizos de axuda a domicilio vanse prestar integramente por parte dunha empresa privada, e que nese sentido os socialistas teñen proposto, e así o recolle a ordenanza fiscal, que a duración máxima do contrato sexa de dous anos prorrogables. Hai que incidir en que servizos coa casuística dos que se prestan nos fogares dos cidadáns merecen un constante seguimento, actualización e adaptación, tanto dende o punto de vista da súa regulación, como á hora de levalos a cabo.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que supón que o Sr. concelleiro lería o decreto ao que se teñen que adaptar, e nese decreto é onde se recolle exactamente ese parágrafo. En Cambre non se teñen inventado unha nova ordenanza, senón que teñen que rexerse polo que lles marca o decreto aprobado pola Xunta de Galicia.

O servizo de teleasistencia é un servizo que se está prestando, efectivamente, pero non se trata dun simple aparello, iso é o de menos, o aparello vai a unha central de alarmas que atende un persoal, co cal cada concello non pode poñer os aparellos que el queira, ten que rexerse por unhas normas, e non é un servizo básico, é un servizo complementario, como así o di a orde. Non obstante, di que ela si é certo que se apoia nos informes técnicos, por suposto que si, e en canto veña a súa técnica, a supervisora do departamento, faralles chegar un informe técnico, pero xa lle di que están cumprindo o que lles pide a orde, que é ao que se están adecuando todos os concellos.

En canto a que se trouxo a última hora, hai que ter en conta que nalgúns casos os tramos que establece a orde van supoñer que algúns usuarios saian prexudicados,

mentres que outros van saír beneficiados. Estiveron agardando a última hora, pero igual que a maioría dos concellos, porque se miran o BOP, cada día saen anuncios doutros concellos. Todos fixeron máis ou menos o mesmo, simplemente por ese motivo, non porque non saiban facer as cousas doutra maneira.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que simplemente lle gustaría corrixila nunha cousa, porque non é a primeira que o fai e gustaríalle que constase en acta outra vez. Dille á Sra. concelleira que non é a súa técnica nin a súa supervisora, os seus técnicos son os que o goberno escolleu a principios de legislatura como persoal de confianza, o resto son técnicos deste concello.

Di que simplemente é un tema de corrección, porque cre que ten un sentido da posesión que neste caso non procede.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel contesta que ela agradécelle a corrección, pero que ela o seu departamento tómao como algo dela, moi propio, e así o sente, e como o sente, así o di. Non cre que con iso ofenda a ningún técnico, porque polo que lle teñen dito están moi orgullosos e contentos de estar con ela.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que con iso xa o di todo ela.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira suplente de EU, manifesta que, como dixo a Sra. concelleira, o asunto que lles ocupa é un asunto meramente secundario no ámbito local, é unha adaptación da ordenanza municipal ao Decreto 99/2012.

Di que ás veces para o goberno municipal tamén ten que ser difícil o que manda facer “mamá Xunta”. A Xunta neste punto xa decidiu por eles, e agora, coa reforma que lles agarda, cada vez vai decidir máis.

Neste caso decidiu, falando en termos reais que é como mellor se entenden todos, que unha persoa que estea ingresando unha renda de 532 euros, e afortunadamente eles non saben o que é iso, que ata o de agora non tiña que pagar nada polo servizo, agora ten que comezar a pagar 1,38 euros por cada hora de servizo de asistencia. É dicir, unha persoa que perciba eses 532 euros ten que destinar aproximadamente 50 euros/mes para poder acceder ao servizo. Iso con independencia de que despois lle digan que o concello se fará cargo, agora están falando do que queda aprobado coa ordenanza que hoxe traen a pleno. Esa persoa debe destinar un 10% do que gana a pagar o servizo de axuda a domicilio, e iso non ten outra definición que dicir que é algo deplorable, totalmente.

Pola contra, en aplicación dese mesmo decreto, unha persoa que teña unha renda superior a 1600 euros, ve reducida a cantidade que ten que pagar. Atópanse co tema co que se atopan sempre, os gobernos do PP seguen favorecendo aos que máis ganan en detrimento daquelas persoas que máis o necesitan. Fan pagar aos que non teñen con que, e báixanlles as tarifas ás persoas que poderían pagar a tempo completo a unha persoa para que as asistira.

Ademais, ás veces é moi importante lembrar as cousas, e ese famoso Decreto 99/2012, aínda que non lle afecta a Cambre nese sentido, elimina da axuda pública os servizos de axuda no fogar a aqueles concellos que teñan menos de 20000 habitantes. En Cambre están librando por ben pouco, pero como non lles toca, ....

Di que non lles toca, pero que en Galicia hai 315 concellos, e só 22 teñen máis de 20000 habitantes. Pide que imaxinen a xente á que prexudica ese marabilloso decreto.

Neste caso, volven falar de recortes, ese é un tema reiterativo. O recorte que fai a Xunta da partida desagregada do servizo de axuda no fogar respecto do ano 2010 é de catro millóns de euros, que é unha cantidade irrisoria para a Xunta de Galicia, pero que lle permite librarse dun montón de traballadores do servizo de axuda no fogar, que parece que esa é a intención real de todas estas medidas.

Conclúe dicindo que, deste modo isto é un mero formalismo, o goberno municipal ten a obriga de defendelo, eles a obriga de expresar o que realmente se esconde detrás desta ordenanza, e o realmente importante é, ademais do que hai por detrás, o que lles vai vir enriba. Por todo isto, o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que eles, como dixeron nas comisións, van votar a prol. É algo que está informado favorablemente, tanto pola técnica de servizos sociais como pola secretaria, co cal, aínda que, efectivamente, eles non están de acordo coa filosofía do decreto, entenden que teñen que adecuar a ordenanza á normativa.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que tamén vai manter o voto favorable emitido na comisión.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de PdeC, integrante do GM, e abstéñense os tres concelleiros de UxC e a concelleira presente de EU.

A Corporación, por quince votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a nova Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar, que se transcribe literalmente a continuación:

#### **“ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A nova *Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia* ten por obxecto a ordenación e promoción do sistema público de servizos sociais na Comunidade Autónoma de Galicia.

A nova **estrutura de servizos sociais** divídese en 2 niveis de atención, no que se diferencian os servizos sociais comunitarios, que a súa vez poden ser básicos e específicos, e os servizos sociais especializados dirixidos á poboación con necesidades específicas que esixen unha maior especialización técnica.

O capítulo II do Título I desta Lei define o **catálogo de servizos** como o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións, que se relacionan no artigo 18 da Lei, configurándose o servizo de axuda no fogar como un programa de natureza material ou tecnolóxica.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia, establece no seu artigo 7.b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto do dereito das persoas usuarias e establezan as condicións da prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado Decreto.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Cambre, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través da presente ordenanza.

## **TITULO I**

### **DISPOSICIÓNS XERAIS**

#### **Art. 1 Obxecto**

É obxecto desta nova ordenanza reguladora municipal regular o servizo de axuda no fogar prestado polo Concello de Cambre.

#### **Art. 2 Ámbito de aplicación**

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no Concello de Cambre.

#### **Art. 3 Natureza, definición e obxectivos do servizo**

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en prestar un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no seu domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá a persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal e nos casos de desestruturación familiar.



4. Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:
- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
  - b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual, potenciando a utilización positiva dos recursos do contorno.
  - c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
  - d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
  - e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
  - f) Retardar ou evitar a institucionalización.
  - g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

#### **Art. 4 Contido do servizo**

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
  - o Asistencia para levantarse e deitarse.
  - o Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
  - o Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
  - o Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
  - o Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
  - o Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- b. Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:
  - o Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
  - o Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.
- c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
  - o Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
  - o Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
  - o Preparación dos alimentos.
  - o Lavado e coidado das prendas de vestir.
  - o Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.
- d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico–profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguemento, teleasistencia e similares.
- c. Adaptacións funcionais do fogar.
- d. Servizo de podoloxía.
- e. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica de servizos sociais sobre o contido do servizo, incidan de

maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4. En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e complementario e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

#### **Art. 5 Persoas destinatarias**

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e a persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como a fogares con menores nos que se observe necesidade dunha intervención de carácter socio-educativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

#### **Art. 6 Dereitos e deberes dos usuarios**

1. As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lles recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
4. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
5. A coñeceren a situación do seu expediente.
6. A recibiren información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
7. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
8. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou recursos axeitados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

2. As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e colaborar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
8. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

#### **Art. 7 Deberes das/os auxiliares de axuda no fogar**

1. O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza co usuario e a súa familia interfiran no seu traballo.
2. Respetar a confianza do usuario e gardar a debida confidencialidade.
3. Non acudir ao lugar de traballo acompañada de persoas alleas ao servizo.
4. Non se poderá recibir en custodia diñeiro, xoias nin obxectos de ningún tipo.
5. Non recibir ningún tipo de prestación ou bonificación por parte do usuario ou familiares do servizo de axuda no fogar.
6. Non facerlles traballos a outros membros da familia distintos dos beneficiarios, aínda que convivan no mesmo domicilio, se así non está establecido no proxecto de intervención.
7. Non realizar tarefas domésticas que non foran incluídas no proxecto de intervención.
8. Non se dispoñerán de chaves de ningún domicilio salvo autorización por escrito do usuario/a e comunicación previa ao responsable técnico de servizos sociais do Concello de Cambre.
9. En caso de ausencia as/os auxiliares de axuda no fogar deberán poñelo en coñecemento do seu responsable directo coa maior brevidade posible, sempre que sexa posible, para poder facilitar a súa substitución co fin de evitar a non prestación do servizo aos seus usuarios/as.

## **Art. 8 Causas de extinción e modificación do servizo**

1. Son causas de extinción:

- a. A renuncia voluntaria da persoa usuaria, tendo que presentar o Anexo IV debidamente cuberto e asinado polo interesado.
- b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- d. Falecemento da persoa usuaria.
- e. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f. A falta de pagamento do servizo.
- g. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución do Programa Individual de Atención (PIA), consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

## **Art. 9 Causas de suspensión temporal do servizo**

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo da tramitación do correspondente expediente, e informe razoado do persoal técnico municipal coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: Neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: Poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

## **TÍTULO II**

### **PRESTACIÓN DO SERVIZO**

#### **SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS**

## Art. 10 Formas de prestación do servizo

O servizo público de axuda no fogar prestarase polo Concello de Cambre ben directamente ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

## Art. 11 Requisitos específicos

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico titulado mínimo a xornada completa
50 a 99	1
100 a 199	2
200 a 399	3
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico titulado a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Cambre, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no que constará, cando menos:

- Un informe social, asinado por unha traballadora social da entidade titular do servizo.
- Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo I desta ordenanza.
- Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Cambre e a persoa usuaria, segundo o Anexo III desta ordenanza.
- Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

O tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

### Art. 12 Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. **Acceso directo:** O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2012, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e de dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o Concello de Cambre, cando sexa o caso, procederá a dar de alta ás persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro de cuidador.

2. **Réxime de libre concorrancia:** Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia, resolverase en réxime de libre concorrancia, segundo o seguinte procedemento:

- O procedemento iníciarase a instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común e a avaliación da solicitude seguindo o baremo que se inclúe como Anexo II.

A documentación que acompaña á solicitude é:

- Fotocopia do DNI ou NIE da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso
  - Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante
  - Xustificante de convivencia do padrón municipal
  - Modelo de solicitude (Anexo V)
  - Modelo de autorización bancaria (Anexo VI)
  - Informes médicos recentes sobre o estado de saúde da persoa beneficiaria
  - Certificado de minusvalía e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso
  - Copia da última declaración da renda ou autorización para acceder aos datos tributarios da persoa usuaria e do resto dos membros da unidade de convivencia, segundo Anexo VII
  - Recibo da contribución do ano en curso
  - Certificado de xuros capitais
  - Certificación do número de conta
  - Certificado da pensión mensual do organismo correspondente ou certificación bancaria da persoa usuaria e do resto dos membros da unidade de convivencia
  - Copia da declaración do imposto sobre o patrimonio da persoa usuaria e do resto dos membros da unidade de convivencia
- No caso de non percibir ingresos: certificado de alta no INEM, certificado conforme non cobra prestación do INEM e da seguridade social

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar as deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

- Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.
- As persoas usuarias terán que presentar polo rexistro de entrada municipal do Concello de Cambre a documentación completa.
- As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en todo caso por unha traballadora social dos servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Cambre, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.
- O órgano competente para ditar a resolución será o/a alcalde/sa, podendo delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse entre os servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Cambre e a persoa usuaria as condicións básicas da prestación, mediante a sinatura do acordo do servizo entre o técnico municipal responsable do servizo e o/a usuario/a, onde recollerase a información contida no Anexo III desta ordenanza municipal.

No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do alcalde ou do membro da corporación local, concelleiro delegado da área que inclúa os servizos sociais, poderase iniciar de oficio prestación do servizo de maneira inmediata, a proposta dos servizos sociais municipais, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais do Concello de Cambre. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.

No caso de tratarse de intervencións de carácter socio-educativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, deberán incorporarse ao proceso, de acordo coas circunstancias do fogar de que se trate, algunha das seguintes figuras profesionais: diplomado en traballo social, diplomado en educación social ou técnico superior en integración social.

Con carácter xeral, no caso de que o servizo de axuda no fogar non conte con capacidade suficiente para atender todas as situacións de necesidade, elaborárase unha lista de espera á que se accederá pola orde de puntuación acadada no baremo aplicado recollido no Anexo II, priorizando sempre as persoas valoradas con déficit de autonomía para a realización das tarefas da vida diaria.

En caso de obter a mesma puntuación terá prioridade a data máis antiga do rexistro de entrada municipal.

Se o solicitante superase o ano na lista de espera, antes de proceder á alta no servizo, será obxecto dunha nova valoración da situación.

### **Art. 13 Desenvolvemento da prestación do servizo**

1. O prazo de alta no servizo será como máximo dunha semana dende que á persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que

acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución polo alcalde ou concelleiro/a delegado/a para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrència. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase con base no perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo do servizo, segundo o modelo establecido no Anexo III desta ordenanza.

5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o Anexo I desta ordenanza, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.

6. Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará a súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de 3 días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia.

9. O departamento de servizos sociais do concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- ✓ Un informe de avaliación inicial, asinado polo técnico competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.
- ✓ Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo I desta ordenanza.
- ✓ Un acordo do servizo asinado entre o Concello de Cambre e a persoa usuaria, segundo o Anexo III desta ordenanza.



- ✓ Informes de seguimento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

#### **Art. 14 Lista de espera**

1. Con carácter xeral, no caso de que o servizo de axuda no fogar non conte con capacidade suficiente para atender todas as situacións de necesidade, elaborárase unha lista de espera á que se accederá pola orde de puntuación acadada nos baremos aplicados, priorizando sempre as persoas valoradas con déficit de autonomía para a realización das tarefas da vida diaria.
2. En caso de obter a mesma puntuación terá prioridade a data máis antiga do rexistro de entrada municipal.

En todo caso quedarán en lista de espera aquelas solicitudes que non se poidan cubrir por falta de crédito orzamentario.

3. No caso de ser persoas valoradas por dependencia terase en conta a data da resolución do Plan Individual de Atención (PIA).
4. Se o solicitante superase o ano na lista de espera, antes de proceder á alta no servizo, será obxecto dunha nova valoración da situación.

#### **Art. 15 Intensidade na prestación do servizo**

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.
2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

Cando a persoa usuaria manifeste o seu desexo de dispoñer de menos horas do mínimo do intervalo que marca a lei para o seu grao e nivel, ou así se acorde entre a persoa usuaria e o seu/súa traballador/a social, deberá facerse por escrito e será engadido ao seu expediente.

3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello. O tempo de atención ás persoas usuarias poderá ser modificado en función das variacións que se produzan nas súas circunstancias persoais ou familiares, e pola dispoñibilidade dos medios do servizo.

#### **Art. 16 Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia**

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e o patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica, observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e Discapacidade, pola que se

publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia, sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

#### **Art. 17 Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento**

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte ás regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales debe responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total das persoas que convivan no fogar.

#### **Art. 18 Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar**

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas a Efectos Múltiples (IPREM) quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ao IPREM)	20 h	30 h	40 h	55 h	70 h	90 h
<100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
>100%<115% IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
>115%<125% IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
>125%<150% IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
>150%<175% IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
>175%<200% IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
>200%<215% IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
>215%<250% IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
>250%<300% IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
>300%<350% IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
>350%<400% IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
>400%<450% IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
>450%<500% IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ao 500% IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do servizo de axuda no fogar con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas do servizo.

4. En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

#### **Art. 19 Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento**

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo con base no cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

<b>CAPACIDADE ECONÓMICA</b>	<b>Participación no custo do servizo do SAF básico</b>
Menor ou igual ao 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	Entre o 10% e o 30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	Entre o 20% e o 50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	Entre o 40% e o 70%
Maior de 2,50 IPREM	Entre o 60% e o 90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

#### **Art. 20 Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos**

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Cambre en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

#### **Art. 21 Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos**

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Cambre.

#### **Art. 22 Obrigados ao copagamento**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este concello ás que se refire o artigo 5.

#### **Art. 23 Nacemento da obriga do pago**

A obriga de pagar os prezos públicos regulados nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectiva de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaceranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.
2. Por parte do Concello de Cambre e, sobre a base do parte de traballo asinado conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria, para que se efectúe o pagamento.

#### **Art. 24 Infraccións e sancións**

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

#### **Disposición Derrogatoria**

Queda derogada a actual Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre (BOP núm. 217, de 6 de outubro de 2009), unha vez que entre en vigor a presente ordenanza.

## Disposición Final

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

## ANEXO I

### SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

#### Proxecto de intervención

#### 1.- Datos de identificación do expediente

Expediente <sup>1</sup>	Intervención <sup>2</sup>	Data de solicitude	Data de inicio
-------------------------	---------------------------	--------------------	----------------

Sector de referencia <sup>3</sup>	Ámbito de atención <sup>3</sup>	Núm. total de usuarios
-----------------------------------	---------------------------------	------------------------

Nome e apelidos	Data de nacemento	DNI	Sexo	Estado civil
-----------------	-------------------	-----	------	--------------

Proxecto	Data do proxecto	Data fin de proxecto
----------	------------------	----------------------

Antecedentes relevantes:

#### 2.- Atención a prestar

##### Días da semana

L	M	X	J	V	S	D		Núm. de horas semanais		Horario
---	---	---	---	---	---	---	--	------------------------	--	---------

**Tipo de servizo a prestar** <sup>4</sup>

**Perfil dos/as profesionais**

**Outros servizos:**

**3.- Existencia doutros servizos/apoios prestados a domicilio**

Existencia:

Servizos/apoios:

Núm. de horas semanais:

**4.- Obxectivos específicos e tarefas que se propón**

**Obxectivos específicos:**

**Tarefas:**

**5.- Periodicidade do seguimento (mínimo bimestral):**

**Técnico responsable:**

**Asdo.:**

<sup>1</sup> Identificación do expediente en SIUSS

<sup>2</sup> Número de orde desta intervención en relación co total realizadas neste expediente

<sup>3</sup> Tipoloxía SIUSS

<sup>4</sup> Pódese empregar a tipoloxía SIUSS

## **ANEXO II**

### **BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

(modalidade de prestación básica de servizos sociais comunitarios básicos)

#### **FACTOR-1: AUTONOMÍA PERSOAL (máximo total 40 puntos)**

As persoas dependentes valoradas que polo calendario oficial de implantación teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrência.

Para valorar a falta de autonomía das persoas será distinguindo entre os que teñan a valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade ou ben para os que non a teñan.

A asignación de valor en función do factor “autonomía persoal” realizarase de acordo coa seguinte táboa:

**1. A AUTONOMÍA PERSOAL CON CERTIFICADO MINUSVALÍA**

TÁBOA DE EQUIVALENCIAS PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL										
De 33% a 64% de discapacidade	De 65% a 74% de discapacidade									Grao de discapacidade en menores de 18 anos sen valoración de ATP ou BVD
				75%-100% discapacidade ATP		75%-100% discapacidade ATP		75%-100% discapacidade ATP		Grao de discapacidade + axuda terceira persoa  ATP
			Grao I  Nivel 1	Grao I  Nivel 2	Grao II  Nivel 1	Grao II  Nivel 2	Grao III  Nivel 1	Grao III  Nivel 2		Situación dependencia
5 pts	10 pts	14 pts	20 pts	24 pts	30 pts	32 pts	38 pts	40 pts		PUNTUACIÓN  Nivel de autonomía persoal

ATP= axuda terceira persoa

BVD= actividades básicas vida diaria

**Puntos**

<b>Total puntos autonomía persoal</b>	
---------------------------------------	--

1. B AUTONOMÍA PERSOAL SEN CERTIFICADO MINUSVALÍA

ACCIÓNS	PODE	ALGUNHA DIFICULTADE	MOITA DIFICULTADE	NON PODE
	(0 puntos)	(1 punto)	(2 puntos)	(3 puntos)
varre e frega a casa				
limpa po de mobles e baños				
lava, tende, prancha e cose				
vístese e desvístese só				
levántase e déitase na cama, levántase e séntase en cadeira ou sillón				
realiza xestións como: ir ao médico, oficina, banco, compras,...				
fai o xantar e lava os pratos				
fai o aseo persoal só				
procúrase os cuidados socio-sanitarios básicos				
ten control de esfínteres				
manexa os calefactores, auga quente, interruptores de luz, gas,...				
ten orientación témporo-espacial				
razoa con coherencia				

**Puntos**

<b>Total puntos autonomía persoal</b>	
---------------------------------------	--



**FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos)**

**Puntos**

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos)				
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos)				
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):				
	Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos)			
	Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos)			
	Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos)			
	Con incapacidade para organizarse (3 puntos)			
Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos)				
Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos)				
Está ben atendido (0 puntos)				

**Puntos**

<b>Total puntos apoio social</b>	
----------------------------------	--

**FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (máximo total 20 puntos)****1. Conflito (máximo total 4 puntos) Puntos**

Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto)	
Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos)	
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos)	
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos)	

**2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos) Puntos**

Familias nas que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atencións aos menores (2 puntos)	

**3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos) Puntos**

Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos)	

**4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos) Puntos**

Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos)	

**5. Número de menores (máximo total 10 puntos) Puntos**

Un menor (3 puntos)	
Dous menores (5 puntos)	
Tres menores (7 puntos)	
Catro ou máis menores (10 puntos)	

**Puntos**

<b>Total puntos situación familiar/socialización menores</b>	
--	--

**FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos)**

**1. Vivenda (total 10 puntos) Puntos**

Non hai luz eléctrica (1 punto)	
Non hai auga corrente (1 punto)	
Non posúe WC (1 punto)	
Non posúe cuarto de baño completo (1 punto)	
Non ten neveira (1 punto)	
Non ten quentador (1 punto)	
Non ten lavadora (1 punto)	
Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto)	
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto)	
Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto)	

**2. Integración no contorno (total 10 puntos) Puntos**

Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos)	
Ausencia de relacións sociais (6 puntos)	
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos)	
Integración axeitada no contorno (0 puntos)	

**Puntos**

<b>Total puntos outros aspectos sociais</b>	
---	--

**Puntos**

<b>TOTAL XERAL</b>	
--------------------	--

**ANEXO III  
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

**Acordo de servizo**

Reunidos en ..... o día ..... dunha parte don/dona.....con DNI: .....

E doutra ....., en calidade de técnico responsable do servizo de axuda no fogar de .....

**ACORDAN:**

1. Que o Concello de Cambre, entidade prestadora ....., prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_ de 20\_\_.
2. Que a prestación do Servizo de Axuda no Fogar se realizará con carácter indefinido no caso de persoas usuarias derivadas do Sistema de Atención á Dependencia/ou por un prazo de \_\_\_\_\_, con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do departamento de servizos sociais do Concello de Cambre.
3. Que o número de horas mensuais a realizar no domicilio é de \_\_\_\_\_ distribuídas nos seguintes días da semana: **1 día/semana de luns a venres**, en horario de: **1 hora pola mañá**; por un total de \_\_\_\_\_ horas semanais.
4. Que segundo a documentación que consta no expediente, a capacidade económica da persoa usuaria do SAF derivada do Sistema de Atención á Dependencia, é de \_\_\_\_\_ euros ao mes, e atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o Servizo de Axuda no Fogar e o acordo municipal que regula o prezo público do SAF, e á

aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a achegar \_\_\_\_\_ euros mensuais, que resulta de aplicar o \_\_\_\_\_% da súa capacidade económica e en función da intensidade horaria correspondente ao seu grado de dependencia, mais o 4% de IVE, como contribución ao custo do servizo.

5. Que segundo a documentación que consta no expediente, a capacidade económica da persoa usuaria do SAF por libre concorrencia, é de \_\_\_\_\_ euros mensuais, e atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o Servizo de Axuda no Fogar e o acordo municipal que regula o prezo público do SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a achegar \_\_\_\_\_ euros por hora prestada, mais o 10% de IVE, como contribución ao custo do servizo.
6. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o abono do prezo público do SAF establecido no punto 4º ou 5º, segundo a modalidade do servizo, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.
7. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:
  - o Atencións de carácter persoal
  - o Atencións de carácter apoio psicosocial
  - o Atencións de carácter doméstico
  - o Atencións de carácter socio-educativo
  - o Atencións de carácter técnico e complementario
  - o \_\_\_\_\_
8. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo serán as contempladas no Proxecto de Intervención Individual deseñado pola entidade prestadora, conforme a este acordo do servizo.
9. Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo o resto das tarefas, non contempladas neste acordo do servizo.
10. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria, traballadora familiar e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.
11. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na ordenanza municipal da prestación do SAF, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.
12. Que a alta no servizo levarase a cabo no prazo máximo de sete días dende a sinatura deste acordo.
13. Que no presente acto, a persoa técnica responsable faille entrega á persoa usuaria das normas de funcionamento do servizo, informándolle de xeito comprensible dos dereitos e obrigas, e dado que ambas partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, o asinan

En ..... a ..... de ..... de 20.....

A persoa usuaria

O técnico responsable

A traballadora familiar

## ANEXO IV

### RENUNCIA AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CAMBRE

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI núm. \_\_\_\_\_ e  
enderezo en \_\_\_\_\_

EXPÓN:

Que foi beneficiario do servizo do axuda no fogar deste concello dende \_\_\_\_\_,  
ata a data, e non estando interesado en seguir beneficiándose deste servizo municipal,  
renuncio á referenciada axuda, poñéndoo en coñecemento deste concello para que se acorde  
conforme ao manifestado.

Cambre, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE

## ANEXO V

### SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL

#### A. DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

<b>PRIMEIRO APELIDO</b>	<b>SEGUNDO APELIDO</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	
			<b>TELÉFONO</b>	
<b>DATA DE NACEMENTO</b>	<b>LUGAR</b>	<b>PROVINCIA</b>	<b>ESTADO CIVIL</b>	
<b>DOMICILIO</b>	<b>COD. POSTAL</b>		<b>MUNICIPIO</b>	

#### B. DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

<b>PRIMEIRO APELIDO</b>	<b>SEGUNDO APELIDO</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>
-------------------------	------------------------	-------------	------------

<b>DOMICILIO</b>		<b>MUNICIPIO</b>	<b>PROVINCIA</b>
<b>COD. POSTAL</b>	<b>TELÉFONO</b>	<b>TÍTULO DE REPRESENTACIÓN:</b>	

C. DATOS SOBRE A UNIDADE DE CONVIVENCIA. COMPOSICIÓN

<b>PERSOAS INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA</b>	<b>NIF</b>	<b>PARENTESCO COA/CO SOLICITANTE</b>	<b>DATA DE NACEMENTO</b>
<b>SOLICITANTE</b>			

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, como (solicitante ou representante legal) DECLARA: Que todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude son certos e comprobables documentalmente, quedando informado/a de que o seu ocultamento ou falsidade dará lugar á esixencia das responsabilidades que diso puideran derivarse, así como da obriga de comunicar ao **CONCELLO DE CAMBRE**, calquera variación dos datos declarados ou acreditados que puideran producirse no sucesivo.

Que de conformidade co establecido na normativa reguladora das subvencións públicas, DECLARA non estar incurso en ningunha causa de prohibición para ser considerado beneficiario de subvencións e atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa **Seguridade Social**, así como no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

Cambre, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_ Asdo:

NOTA INFORMATIVA: Os datos recollidos na presente solicitude facilitaranse de forma voluntaria; en caso de non facelo non será posible o seu trámite. Estes datos serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade da resolución do expediente, cuxo tratamento é responsabilidade da dirección do Concello de Cambre, área de Servizos Sociais, e respecto deles, poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal.

Existe a posibilidade de cesión dos datos a outras administracións, entidades ou organismos públicos ou privados, para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas destas entidades e do Concello de Cambre.

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE**

**DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGAR O SOLICITANTE**

- Fotocopia do DNI ou NIE da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.
- Xustificante de convivencia do padrón municipal.
- Modelo de solicitude (Anexo V)
- Modelo de autorización bancaria (Anexo VI)
- Informes médicos recentes sobre o estado de saúde da persoa beneficiaria.
- Certificado de minusvalía e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
- Copia da última declaración da renda ou autorización para acceder aos datos tributarios da persoa usuaria e do resto dos membros da unidade de convivencia.
- Recibo da contribución do ano en curso.
- Certificado de xuros capitais.
- Certificación do núm. de conta.
- Certificado da pensión mensual do organismo correspondente ou certificación bancaria da persoa usuaria e do resto dos membros da unidade de convivencia.
- Copia da declaración do imposto sobre o patrimonio da persoa usuaria e do resto dos membros da unidade de convivencia.
- No caso de non percibir ingresos: certificado de alta no INEM, certificado conforme non cobra ningunha prestación do INEM ou a seguridade social.

**ANEXO VI**  
**MODELO DE AUTORIZACIÓN BANCARIA**

A favor de \_\_\_\_\_  
 En concepto de \_\_\_\_\_  
 D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
 Con DNI núm. \_\_\_\_\_ e enderezo en \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

EXPÓN:

Que o número de conta bancaria para domiciliar o pago do servizo de axuda no fogar municipal é o seguinte:

Nome da entidade financeira:

Enderezo:

Localidade:

Provincia:

CÓDIGO CONTA CLIENTE (20 díxitos)													
ENTIDADE				OFICINA				D.C.		NÚMERO CONTA			

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE**

**ANEXO VII**  
**MODELO DE AUTORIZACIÓN**

**Autorización para a cesión de información relativa ao nivel de renda e ás obrigacións tributarias co Estado e a Comunidade Autónoma e a Seguridade Social para os efectos de solicitude do servizo de axuda no fogar municipal, a cubrir por todos os membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos.**

NOME E APELIDOS	ENDEREZO	DNI	SINATURA

autorizamos ao Concello de Cambre para solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre o nivel de renda e sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, para os efectos de **solicitude do servizo de axuda no fogar municipal**.

*Lugar, data e sinatura*



Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a ordenanza de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A ordenanza entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, quedando derogada a anterior Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar, que foi publicada integramente no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 217 do día 06 de outubro de 2009.

#### **1.5. Aprobación, se procede, da afectación do inmovible sito na praza Vila Concepción nº 1, parroquia do Temple, a equipamentos sociais: Casa da Cultura, polo menos durante cinco anos**

Vista a proposta da Concellería de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 30 de agosto de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 3 de setembro de 2013.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que simplemente o que se pretende acordar é o compromiso desta Corporación para que o edificio de Vila Concepción se destine durante cinco anos a Casa da Cultura, co fin de dar cumprimento ás bases das subvencións que lles outorgaron para facer esa reforma.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo mantén o voto emitido na comisión e van votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que a eles gustaríaalles que constase en acta que eses cinco anos veñen motivados por ser o período mínimo esixible para cumprir con todas as subvencións, e que por iso é que son cinco e non cincuenta. O seu voto é a prol.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que pensa que iso foi o que dixo o voceiro do PP, que eran cinco anos porque así o establecían as subvencións que se teñen percibido da Deputación e máis do plan Arume.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, a concelleira presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de PdeC, integrante do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Cualificar como ben demanial de servizo público destinado a Casa da Cultura do Concello de Cambre o inmovible sito na praza Vila Concepción nº 1, parroquia do Temple, unidade de execución nº 7.

Segundo: Manter a afectación do citado inmovible ao servizo público de Casa da Cultura do Concello de Cambre por un período mínimo de cinco anos.

Terceiro: Incorporar ao Inventario de Bens do Concello de Concello de Cambre, que se está a elaborar, o inmovible sito na praza Vila Concepción nº 1, parroquia do Temple, unidade de execución nº 7, coa cualificación de ben demanial de servizo público destinado a Casa da Cultura do Concello de Cambre por un período mínimo de cinco anos.

#### **1.6. Aprobación, se procede, da Conta Xeral correspondente ao exercicio económico 2012**

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Especial de Contas o día 8 de xullo de 2013.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 28 de agosto de 2013 que consta do seguinte teor literal:

“Cumprimentado o trámite legal de exposición ao público da Conta Xeral do Concello de Cambre do exercicio 2012, previsto no artigo 212 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD 2/2004, do 5 de marzo ( BOP núm. 134 do día 16 de xullo de 2013) que finalizou o pasado 13 de agosto de 2013, e non téndose presentado alegacións durante o dito prazo e os oito días seguintes, procede elevar ao Pleno, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, a seguinte proposta de acordo:

Aprobar a Conta Xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico 2012, nos termos que constan no expediente, integrada pola conta anual do concello e a documentación complementaria legalmente establecida, así como a súa remisión, unha vez aprobada, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.”

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que do que se trata da aprobación da Conta Xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio 2012, para a súa posterior fiscalización polos órganos de control externo, Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia.

Di que é unha conta xeral que poden cualificar como a mellor dos últimos anos polos bos resultados económicos que bota. Presenta un superávit de 446000 euros, o que significa que o grupo de goberno conseguiu dar un xiro radical á situación económica municipal, pois en só un ano e medio Cambre pasou de ter un déficit de máis de

600000 euros a ter un superávit de case medio millón de euros. A pesar disto, esta conta xeral foi favorablemente ditaminada na comisión especial só cos votos do PP e do grupo mixto.

Expón que a conta xeral do ano 2012 preséntase ao Pleno cumprindo rigorosamente os prazos previstos que marca a normativa, é dicir, dentro de prazo, e non ten sido obxecto de ningunha reclamación, reparo, ou observación, por parte do resto de grupos municipais nin veciños. Ten sido obxecto de explicación e valoración na súa correspondente comisión informativa e, en definitiva, poden dicir que aínda que son conscientes de que quedan aínda moitas cousas por mellorar, a Conta Xeral do 2012 supón para Cambre un maior aforro, unha maior solvencia e un superávit amplo que lles vai permitir afrontar o orzamento do ano 2014 cunha maior garantía de estabilidade.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que lle gustaría comezar explicando un pouco a diferenza entre eficacia e eficiencia. A eficacia mide o nivel en canto á consecución das metas e obxectivos, a capacidade para lograr as metas que se propoñen. A eficiencia é un concepto económico que mide os recursos que se utilizan para lograr un fin determinado, aínda que este non corresponda co obxectivo que se teñen marcado.

Pois ben, respecto da conta di que o goberno municipal tíñase marcado tres obxectivos na anterior conta. Primeiro, a aprobación en prazo, que isto hai que recoñecer que esta vez si, que é certo, vaise aprobar aínda que sexa algo xusto, con menos dun mes de antelación. En segundo lugar estaba a mellora na execución, e melloran certas das magnitudes. E o terceiro obxectivo era a redución na contía do gasto afectado polos reparos. Ese era un obxectivo que marcou a Sra. concelleira de Economía e sobre o cal tiveron un debate por como se medían os reparos, se en termos de número ou de contía respecto do orzamento. Di que a estes tres obxectivos é aos que se vai referir.

Respecto da aprobación do prazo a mesma concelleira o ten dito, a Lei de facendas locais establece que a conta se debe aprobar antes do 1 de outubro, e iso están a cumprilo. Cousa distinta son os outros dous obxectivos.

No segundo obxectivo, a mellora na execución do orzamento, primeiro quere facer unhas consideracións referidas ao estudo do estado de liquidación do orzamento, para logo centrarse nos defectos observados na xestión do orzamento, que se poñen de manifesto pola Intervención municipal e no informe dos reparos.

Respecto do estudo da liquidación global do orzamento, entenden que hai que facer un par de consideracións. É certo que algunhas das magnitudes globais melloran, fundamentalmente no que se refire ao resultado orzamentario positivo e á recuperación do carácter positivo do remanente de tesourería, pero outras magnitudes globais particulares están influenciadas pola presenza notable do plan Arume, proxecto que hai que recordar que o equipo de goberno se atopou sobre a mesa. É certo que teñen executado con maior ou menor fortuna ese proxecto, pero sen esa influencia esas magnitudes terían un resultado peor que no orzamento do 2011.

Di que ambas cuestións poñen de manifesto a diferenza esencial que existe entre eficacia e eficiencia. Pódese ser moi eficiente pero pouco eficaz no logro dos obxectivos, e viceversa. Di que parece que este goberno ten mellor eficiencia que eficacia.

Pide que lle permita chamar a atención sobre algunhas desas magnitudes que empeorarían se non tiveran en conta o efecto do plan Arume. Aparentemente a execución do orzamento mellora, pasa dun 68,44% no 2011 a un 75,27%, pero isto é por efecto do plan Arume, sen o cal o grao de execución orzamentaria empeoraría con respecto ao ano 2011 en 202.812,58 euros.

Os investimentos tamén sofren o efecto do plan Arume, sen o cal teríanse reducido un 11,49%, 178.648,31 euros, reducindo a súa importancia respecto do gasto total do 11,30% ao 9,41% no 2012.

Os investimentos por habitante no 2012 sen o efecto do plan Arume tamén baixan, un 8,99%, e algo preocupante, o prazo medio de pago do total do gasto aumenta de 45 días a 77,12. Igualmente, o período medio de pago do capítulo 2 e do capítulo 6 pasa de 82,52 a 132,24, o cal é bastante estraño tendo en conta que a maior parte das administracións públicas o que lograron é rebaixar ese período medio de pago.

No que se refire á execución dalgúns programas do orzamento do 2012, ven con preocupación o desenvolvemento daquelas partidas nas que o grupo socialista puxo bastante interese. Non se fixo nada en relación coa universalización do servizo de comedor, porque se por iso entenden simplemente facer unha actividade de mera xestión con dúas garderías, non se ten desenvolvido. Tampouco a posta en marcha da participación cidadá, o previsto apenas tivo execución.

En canto ao estado de ingresos di que lles alegra coñecer a repercusión que tivo a subida do 10% do IBI, que supuxo para as arcas municipais case 287.294,66 euros, un 10,10% máis. Non obstante, pero entenden que dado que o goberno tiña expresado o seu compromiso cunha moción que presentou o grupo socialista en relación ao destino dese incremento, fundamentalmente a partidas para creación e fomento do emprego, vendo a execución do orzamento parécelles que nese sentido o cumprimento dese compromiso asumido polo goberno municipal, non foi tal.

Por último, di que vai facer referencia aos defectos que se observan na xestión do orzamento. Os informes de reparo téñense incrementado respecto da conta do ano 2011, e representan un 13,03% do gasto, fronte ao 10,24% do 2011. Representan 2.034.252,96 euros do total das obrigas recoñecidas. É dicir, dos 15.613.586,13 euros que se teñen pagado en facturas, máis de dous millóns levan informe de reparo.

Impórtalles destacar os ámbitos nos que se poñen de manifesto eses reparos, e impórtalles facelo para poñer en relación con elas o grao de eficacia do goberno no cumprimento dos seus obxectivos. É certo que en materia de servizos e de xestión de servizos se concentran gran parte dos reparos, pola situación de alegalidade en que se atopan determinados servizos municipais. É certo que a situación de alegalidade non se inicia con este goberno, pero non é menos certo que esa circunstancia, despois de dous anos de xestión, non serve como escusa, sobre todo cando un dos obxectivos

principais que se marcou este goberno, e polo que a oposición se ten preocupado dende o minuto 1 da lexislatura, é que se puxese fin a esta situación.

Outro dos obxectivos marcados por este goberno era a transparencia na contratación e o cumprimento da legalidade, pero atópanse con que outro dos ámbitos que acumula gran número de reparos é o dos contratos menores, 135.457,33 euros gastados levan reparo por parte de Intervención, e algún deses contratos, segundo sinala o propio informe de Intervención, omite os elementos básicos da contratación.

Outra manifestación do incumprimento dese obxectivo constitúeno tanto os reparos en materia de contratos patrimoniais, como en materia de subvencións e transferencias.

Respecto dos primeiros o informe de Intervención destaca a desastrosa xestión por parte do goberno municipal do festival Brincadeira-Rock in Cambre, onde o importe total da factura con reparo acada os 239.999,94 euros.

Respecto das segundas, subvencións e transferencias, de novo o informe de Intervención dá un tirón de orellas á actuación da Concellería de Cultura e Turismo, pola achega de bens e servizos a prol de entes ou asociacións, con incumprimento dos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. E o que é máis preocupante, tamén realiza reparos á organización de concursos, como por exemplo o de postres, o cartel das festas de Sta. M<sup>a</sup> de Cambre e o que é máis importante aínda, ao certame de pintura, sen tramitarse procedemento ningún.

Conclúe dicindo que, por todo o anterior, e dado que coñecen a lei e saben que a aprobación da conta non determina manifestar a súa opinión de conformidade co seu contido, e tampouco entraña ningún tipo de responsabilidade, senón que o único que permite é a remisión da conta ao Consello de Contas para a súa fiscalización. Coñecendo ademais que a matemática deste pleno permite que este obxectivo se cumpra sen o voto favorable do grupo socialista e, como única maneira de manifestar a súa reprobación á xestión deste orzamento, por todo isto, respecto deste punto o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe manifesta que só quere dicir que a brillante exposición que fai a concelleira do grupo socialista está moi ben, pero dille que o Arume está dentro da conta xeral, non está fóra, e se quitan moitas magnitudes terán outras magnitudes totalmente diferentes, pero neste caso o plan Arume está, e non só está, senón que ademais houbo que executalo, e tense executado e finalizado, nun ano e medio, un proxecto de catro ou cinco anos.

Di que con isto non lle queda nada máis que dicir, porque calquera explicación á conta xeral xa se deu nas comisións informativas correspondentes, e moitas das cousas ás que a Sra. concelleira se ten referido, tamén se ten referido ela nas comisións, e téñense valorado e incidido sobre elas.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o primeiro que quere aclarar son as palabras da secretaria, cando dixo que este asunto foi aprobado na comisión correspondente. Di que foi aprobado polo grupo de goberno, xa que o resto da oposición non asistiu a esa comisión en protesta polo

horario que o goberno fixou para ela. Non asistiu ningún dos membros da oposición e, polo tanto, a proposta aprobouna única e exclusivamente o goberno.

Quere lembrar tamén que o PP durante moitísimos anos estivo dicindo que o primeiro que ía facer ao entrar neste concello era unha auditoría, porque non se fiaba das contas do resto de gobernos que pasaron por este pleno. Dilles que hai que xogar segundo as regras do xogo, está estipulado así, UxC cre niso e cre que deben facelo tamén os membros do goberno. As regras do xogo non pasan por ter un reparo de máis de dous millóns de euros, dende logo esas non son as regras do xogo, porque iso supón que se contrata sen ningún tipo de informe, ou sen cumprir cos informes preceptivos, que é o que ocorre neste caso.

Conclúe dicindo que eles tamén queren que sexa o Consello de Contas quen estude profundamente esta situación e, polo tanto, vanse abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira suplente de EU, manifesta que o seu grupo quere, en primeiro lugar, que conste en acta a indignación que a EU lle produce, unha vez máis, a actitude do goberno municipal, neste caso co tema da convocatoria, como sinalaba o voceiro de UxC, da Comisión Especial de Contas previa á aprobación da conta xeral.

Unicamente porque conste en acta, quere indicar que o voceiro de EU, Sr. Taibo, ata en catro ocasións requiriu ao voceiro do grupo de goberno, Sr. Andreu, para intentar conciliar a celebración da Comisión Especial de Contas, chegando este, nos últimos intentos, incluso a non collerlle o teléfono. Dilles que sigan nesa actitude de prepotencia porque é o que levan facendo ata agora. En todo caso, queren que conste que ata en catro ocasións o solicitaron, en xunta de voceiros, en comisións informativas e a través de dúas chamadas telefónicas, e non tiveron resposta, nin positiva nin negativa. Ese foi o motivo de que na Comisión Especial de Contas aprobaran o acordo eles sós, unha comisión na que supón estarían moi contentos por estar eles sós. En todo caso, lémbbralles que seguen gobernando en minoría.

Continúa dicindo que quere adiantar que o seu voto vai ser en contra da aprobación da conta xeral, por varios motivos. Primeiro por ser unha conta que aínda que está lexitimamente ditaminada pola Comisión Especial de Contas, consideran que non o está democraticamente, iso por capricho do equipo de goberno e polo desprezo que aos membros da dita comisión se lles fixo por parte súa.

En segundo lugar porque están en contra dos orzamentos do 2012, que son os que corresponden a esta conta e que foron aprobados de xeito automático tras a perda da cuestión de confianza presentada polo Sr. alcalde.

En terceiro lugar porque o que teñen é, de novo, unha conta xeral repleta de reparos de Intervención, que provén duns orzamentos aprobados porque si, sen pés nin cabeza, e que demostran que os cartos dos veciños non lles doen. Non teñen ningún tipo de sensibilidade por administrar adecuadamente e con carácter social os poucos recursos cos que conta o concello.

Di que non vai analizar a conta xeral, porque ese traballo está concienzuda e

perfectamente feito pola Intervención deste concello e incluso pola concelleira socialista na súa intervención. O único que é importante salientar, dende o seu punto de vista, é que esta conta correspóndese cuns orzamentos continuistas que dan as costas ao cidadán. Orzamentos antisociais, que non crean emprego, e que só tiveron como obxectivo asegurar os soldos dos órganos de goberno e dos cargos de confianza, e xestionar os recursos mínimos do concello, pero que se esquecen de facer política, de atender ás necesidades sociais e de equilibrar dentro das súas posibilidades o desequilibrio social que existe actualmente, e que está provocado por eles mesmos.

Conclúe dicindo que EU vota en contra da aprobación da conta xeral, en contra do reparto orzamentario antisocial que realizaron no 2012 e en contra do talante autoritario do equipo de goberno.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que a conta xeral que traen hoxe para a súa aprobación reflicte un aumento dos ingresos, efectivamente, nun 7,6%, pero tamén un incremento dos gastos case na mesma proporción, un 6,4%. Ese aumento dos ingresos vén de aumentar a presión fiscal aos veciños de Cambre, o IBI, o imposto de circulación e as taxas, e pregúntalles para que se incrementaron, porque a partida do gasto corrente incrementouse tamén nun 9,2%, é dicir, aumentáronse para sufragar gasto corrente.

Di que algún incremento é entendible, por exemplo a limpeza dos colexios, o colexio do Graxal ampliouse, o gasto de enerxía, todos pagan máis no recibo da luz, pero hai outros gastos inaceptables, polo menos nos tempos de penuria económica que se viven. Non poden estar de acordo con que se incrementen os gastos en festas, e falan do Brincadeira-Rock in Cambre. Gastáronse 183.000 euros máis que no ano anterior, pasou de custar 151.000 euros no 2011 a 334.000 no 2012. Dixéronnos que se ían vender entradas por 239.000 euros, así se recolle nos orzamentos, e só se recadaron 70.000. Son os datos sacados do informe da interventora, que xa advertira de todo isto no seu informe desfavorable.

Se falan do POS, o alcalde e o seu goberno tamén decidiron que o diñeiro que a Deputación dá para obras e servizos tamén se destinase a gasto corrente, é dicir, en vez de destinalo a obras, dedicouse a pagar máis facturas. Di que é certo que se reduciu un 6,4% o capítulo de gastos de persoal, pero iso tampouco se debe á boa xestión do goberno nin ao afán aforrador, senón que foi a costa da paga extra dos funcionarios do concello, e a non cubrir as vacantes.

O informe de Intervención deixa ao descuberto que o alcalde e o seu goberno xestiona mal o diñeiro dos cambreses e cambresas. Ao longo do ano 2012 a interventora tivo que emitir informes de reparo, só a facturas, por un importe 1.173.000 euros, é dicir, o alcalde asinou facturas que non cumprían os requirimentos que fixa a Lei de facendas locais.

Por todo isto, di que dende o BNG van votar en contra.

Concedida a palabra a don Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe manifesta que a ela simplemente lle gustaría facer unha observación en conxunto. Ela ve que aquí se debate a conta

xeral e os grupos opinan lexitimamente de todo o que cren que debe mellorarse, din o que está mal ou fan valoracións, pero despois non veñen a votar a conta xeral á comisión máis importante do ano, tampouco presentan nin unha soa observación nin unha soa alegación nos quince días hábiles que houbo para que puideran facelo, e despois preséntanse no pleno facendo unha especie de demagogia sobre unha conta xeral que é a mellor conta xeral dos últimos anos que presenta por primeira vez un superávit de case medio millón de euros, unha conta xeral que presenta máis aforro, máis solvencia e máis superávit.

Di que pode entender que á oposición non lle guste, pero o que non é de recibo e que se estea dando a volta ao asunto e que presenten unha conta xeral que é a mellor, repite, dos últimos anos, como se fora a peor. Simplemente quería facer esa observación, porque non lles coa.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que, se van facer demagogia e enlearse, el hai algo que quere que quede moi claro, xa que se fixo aquí unha acusación sobre o tema do horario, cando foron eles os que aprobaron o Regulamento orgánico municipal. O Sr. García Patiño hai un momento referíase ás regras de xogo, e el dilles que as regras de xogo son para todos. O Regulamento orgánico municipal foi aprobado por todos eles para que as comisións ordinarias foran pola tarde, pero nada fala das extraordinarias.

Di que el puxo a convocatoria da Comisión Especial de Contas pola mañá como se fixo ata o momento, ata este ano todas foron pola mañá. O Sr. Taibo chamou á súa secretaria e pediulle se podían cambiar a hora para a tarde, pero el díxolle que pola tarde non podía, que lle era imposible, por iso se fixo pola mañá. Os grupos da oposición, en sinal de protesta, simplemente non asistiron e non cumpriron coa súa obriga como concelleiros, que é asistir á convocatoria para aprobar a conta xeral.

Conclúe dicindo que despois diso el falou con todos eles e comprometeuse a que a partir de hoxe todas as comisións extraordinarias faranse pola tarde, para non entorpecer o seu traballo, pero pide que non o acusen de nada, porque ata agora todas as sesións extraordinarias da Comisión Especial de Contas foron pola mañá, e por iso tamén el a convocou pola mañá.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que todas non, unha sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas do 17 de xaneiro do 2012, cando xa estaban aquí sentados, tivo lugar ás 19:50 h, así que todas non, son todas menos unha.

En segundo lugar, hai algúns, como é o seu propio caso, que para levar pan para casa teñen que traballar, e traballan pola mañá, e a súa obriga é vir á conta xeral, por suposto que si, pero antes que iso a súa obrigación é cumprir co traballo que lle dá que comer, por iso mesmo, e co talante dialogante que o goberno lles pide habitualmente, nunha xunta de voceiros na que cre que o Sr. alcalde non estaba porque estaba de vacacións, xa se falou do tema. E cando o Sr. alcalde dixo que por problemas de axenda non se podía cambiar xa foi o último día, se non se lembra mal.



Xa nesa xunta de voceiros do día 20 de xuño o Sr. Taibo preguntou, porque ela xa lle comentara que pola mañá non ía poder asistir por cuestións de traballo, se se podía facer pola tarde. O Sr. Andreu en persoa díxolle ao voceiro de EU que o ía mirar, que o ía consultar co alcalde, están falando do 20 de xuño, case 3 semanas antes da celebración da comisión. Ante a ausencia de resposta volveron preguntar nas comisións informativas do 24 de xuño, tampouco se deu resposta, e o voceiro do PP, nesas mesmas comisións informativas, diante dela, dixo que se esquecera e que ademais o Sr. alcalde estaba de vacacións e que tiña que consultalo con el, que en canto soubera algo que llelo diría, e se queren comprobalo poden mirar na acta. Ela insistiulle en que por favor intentaran conciliar ese tipo de cousas, porque a aprobación da conta xeral é moi importante.

Despois, como non houbo resposta nas comisións informativas, o Sr. Taibo chamouno dúas veces, e non lle colleu o teléfono. Por todo isto non lles vai consentir que digan que ela fai demagogia, iso si que non o vai consentir, e non vai consentir que digan que non cumpre coas súas obrigas, porque aquí todos cumpren coas súas obrigas, e ela para poder facelo entende que necesitan determinado tipo de relación co equipo de goberno que non lles facilitan.

Conclúe pedindo ao Sr. alcalde que primeiro non minta, non todas as comisións se fixeron pola mañá. E segundo, ela non fai demagogia, pídelle que vexa a ver quen a fai.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que el sabe moi ben o que dixo, e o que lle dixo, tanto na xunta de voceiros como nas comisións, é o mesmo que mantén agora. El nese momento non sabía o motivo polo que se tiña convocado ás 13:00 h, como non o sabía e como non coñece a axenda do Sr. alcalde, que a coñece el, non sabía se o alcalde tiña citas pola tarde ou non as tiña. Di que iso é o único motivo polo que el non lles contestou, non contestou porque non podía facelo, porque, en primeiro lugar, el non pode cambiar a convocatoria, é algo que ten que facer o Sr. alcalde, e el tampouco se vai comprometer a facer unha convocatoria nunha hora na que o alcalde non pode vir, iso é lóxico.

Conclúe dicindo que a Comisión Especial de Contas é a única comisión que se convoca con quince días de antelación, e antes de que ela estivera aquí como concelleira, el xa estivo na Corporación, e era membro da Comisión Especial de Contas, e el, traballando igual que traballa ela, amañábase para acudir á mesma hora que este ano, porque convocábase con 15 días hábiles de antelación.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López di que é unha sorte que se amañase para facelo, porque ela non o pode facer no seu traballo, ao mellor non ten un traballo tan bo como o seu.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais quere dicir, en relación coa intervención da concelleira de Economía, que fixo algo que xa é habitual. Dille que ela pensa que para contradicir os argumentos dos demais non fai falta cualificar as súas intervencións, e é moi habitual que a Sra. concelleira adoite facelo, o cal resulta en certo modo insultante.

Cre que ten os suficientes argumentos obxectivos para contradicir aos grupos da oposición se así o estima necesario, pero sen necesidade de cualificar nin de falar de demagoxia, porque iso non está á altura.

Continúa dicíndolle que respecto da súa opinión sobre que esta é a mellor conta presentada, ela dille que as cousas non basta con afirmalas, e que a mellor contradición a esa afirmación é o nivel de informes de reparo, xa que contra os datos obxectivos non hai nada máis que dicir. O que dixo é unha opinión, a opinión da concelleira, e os demais teñen outra opinión, e cre que os datos os amparan.

No que se refire á participación na Comisión Especial de Contas, cre que xa se ten explicado aquí por parte de UxC e EU, e ela non quixo entrar, pero xustifica a postura que tiveron todos, e arguméntao. E respecto da presentación de reparos no prazo de 15 días de exposición, di que co que non están de acordo é coa execución do orzamento, non con que a conta presente erros, os reparos poderían facelos se a conta presentase erros, pero o que agora están criticando é a execución política do orzamento, co cal sobra tamén a cualificación que fixo a Sra. concelleira sobre a súa actitude e comportamento.

Pídelle á concelleira de Economía que para a próxima vez, que sabe que o pode facer, que teña unha pouca máis altura de miras e que o traia con argumentos, que así poderán entenderse.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, respecto do que se acaba de dicir aquí, manifesta que en determinados momentos sobran alegacións, xa están os informes de reparo que presenta a propia conta xeral. Eles cren que está bastante claro e que todo o mundo o pode entender. Coa cantidade de informes de reparo que ten a conta xeral, e facendo uso ademais dunha posición política xa pública, e da súa contrariedade aos propios orzamentos e á súa execución con criterios políticos, loxicamente non se pode tentar sementar a dúbida de que a oposición non traballa ou fai deixamento das súas funcións polo feito de que fagan ou non uso dunha potestade que lexitimamente teñen para presentar alegacións.

Reitera que, coa cantidade de informes de reparo que hai, realmente pouco máis hai que dicir, porque o goberno municipal acude aquí hoxe a dicir que esta é a mellor conta xeral da historia, e resulta que nin o cartel das festas foron capaces de facer polo legal. Despois falan dos seus funcionarios, en fin, di que debe ser o método Cospedal este que se está implantando en Cambre.

Manifesta que non se fixo demagoxia por parte do BNG, poderase estar ou non de acordo, pero a súa intervención inicial foi única e exclusivamente con base nos datos e cifras que se sustentan na conta xeral que lles facilitou o goberno municipal.

Respecto dos cualificativos ás intervencións de determinados compañeiros dos grupos da oposición, el cre que aquí houbo intervencións brillantes e cre que procede dicir que o plan Arume ten unha importancia fundamental nesta conta xeral, claro que a ten, e ese plan non vai ser tan determinante en exercicios sucesivos. O que fai a oposición no seu labor de fiscalización e control, é facer ver determinada realidade do concello, e poñer en valor esa situación. Hoxe están aquí asistindo a un exercicio de triunfalismo

que, desgrazadamente para os intereses de Cambre, non é sostible no tempo tan pronto caía o plan Arume.

Continúa dicindo que el cre que foi unha intervención brillante, porque é brillante botar luz sobre determinados aspectos. Como concelleiro e en nome do BNG, a el prodúcelle xa certa desolación asistir a determinados debates sobre a convocatoria ou non dos organismos. Está de acordo co que dixo o Sr. alcalde, hai un Regulamento orgánico municipal que foi, efectivamente, impulsado pola oposición, pero non é deles, é de todo o Concello de Cambre, é de todo o Pleno municipal de Cambre, e el dilles unha cousa, se ese regulamento que eles aprobaron establece que as comisións serán de maneira ordinaria pola tarde, e o Sr. alcalde é quen ten a potestade e facultade de convocar a Comisión Especial de Contas extraordinaria, pois o lóxico sería ter buscado o día na que se puidera celebrar pola tarde sen ningún tipo de problema.

Di que o BNG ten dous concelleiros, están na oposición, son un grupo minoritario, e o único que piden é que na medida do posible se respecten as regras do xogo, e máis sendo, como eles mesmos dixeron, a comisión máis importante do ano, porque trata o tema do ano, e como trata o tema máis importante do ano, pídenlle, para o ano que vén, a ver se son capaces de baixar, sequera por vergonza toureira, a cantidade de informes de reparo que presentan ás contas do concello os seus funcionarios, ou non sabe se deles, el cre que son de toda a veciñanza de Cambre.

Conclúe reiterando o seu voto negativo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que a oposición explica as cousas e a maioría da xente que está aquí, no hemiciclo, non entende moitas veces o que son os reparos, e non é porque sexan parvos. Di que a maioría dos reparos, e os grupos sábeno, prodúcense en partidas que levan moitos anos en precario, moitísimos anos, sobre todo en obras e servizos, sobre todo en parques e xardíns, sobre todo en iluminación pública. Todos saben que, agora mesmo, case todo iso está no departamento de Contratación, case todo, pero iso leva un tempo arranxalo.

Pregunta por que non se fixo ese traballao hai oito anos e seguiron todo ese tempo en precario. El non o sabe, pero o goberno quere que non haxa reparos na conta xeral, son os primeiros interesados, e loxicamente a interventora ten que facer o seu traballo, que consiste en poñer reparos, porque iso está en precario, non hai contrato, e iso leva un período de tempo solucionalo, sacalo a licitación, a contratación, para que xa non sexa na conta xeral un reparo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño agradécelle ao Sr. alcalde que lles lembre as súas obrigas, é moi dado a facelo. Tamén lle di que como alcalde de Cambre, non como membro do PP nin como presidente do PP, senón como alcalde, ten unha obriga importante con todos os veciños e veciñas de Cambre e coa oposición que representa a unha maioría deses veciños, esa obriga é escoitar e consensuar, e iso non o fai, non o fixo con esa comisión e, polo tanto, o resto da oposición pensou que non era lóxico vir a esas horas porque a maioría da xente, como ben se dixo, está traballando.

Dille que tamén ten procurar que eses informes de reparo desaparezan, porque durante moito tempo na oposición, ano tras ano, e co Sr. Rivas sentado na primeira fila do salón de sesións nos últimos catro anos, estiveronlle dando á cabeza preguntando como podía haber eses informes de reparo. E o certo é que os hai, e agora o Sr. alcalde quédase tan ancho dicindo que están no departamento de Contratación. El supón que antes tamén estarían, seguro que moitos deles estaban alí, ou é que igual estaban todos nun caixón e o actual goberno os sacou.

Ante as manifestacións dalgúns concelleiros do equipo de goberno, o Sr. García Patiño pregunta se pode seguir, porque cre que el, desde que comezaron a lexislatura, nunca molestou a ninguén, nunca. Pídelle á concelleira popular que sexa respectuosa ela tamén, porque el o é.

Continúa dicindo que o Sr. alcalde ten que procurar que non existan os informes de reparo, e na conta que traen hoxe hai máis informes de reparo que nunca. Esquecéuselle comentalo á Sra. concelleira cando dixo que esta conta xeral era o máis, porque tamén foi o máis en canto aos informes de reparo que tivo.

Di que claro que a contratación leva tempo, pero pregunta canto tempo estiman que leva, porque eles levan dous anos e medio gobernando. El non sabe se é que son tres, catro, cinco ou máis anos o que leva, pero iso é o que os veciños de Cambre tamén queren saber, e saber se van seguir con eses informes de reparo.

O Sr. alcalde dixo que a xente non sabía o que son os informes de reparo, e é algo que se explica facilmente, hai cousas que non se contrataron e que veñen de gobernos anteriores, tamén hai cousas que non se poden contratar porque son urxencias, e daquela levan un informe de reparo, pero dille que tamén hai outras cousas que levan informe de reparo porque non se seguiron os procedementos administrativos preceptivos, e iso o Sr. alcalde non o conta.

Por iso, dille ao Sr. alcalde que as cousas non son todas como el di. Se están no departamento de Contratación, verán ata cando, verán se antes de que acabe a lexislatura saen algúns deles a licitación, xa o verán, porque o Sr. alcalde ten moitas obrigas, e pídelle que non lles recorde a eles as súas, porque son eles os que máis lle teñen que recordar a el as que ten, porque é o alcalde de Cambre, de todos os veciños de Cambre.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e o concelleiro de PdeC, integrante do GM, votan en contra a concelleira presente de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os tres concelleiros de UxC.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Aprobar a Conta Xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico 2012, nos termos que constan no expediente, integrada pola conta anual do concello e a documentación complementaria legalmente establecida, así como a súa remisión, unha vez aprobada, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, solicita e recorda que ao final de cada asunto se faga efectivo e se aclare como quedan os resultados das votacións.

O Sr. alcalde contesta que así se fará.

### **1.7. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que hai catro mocións presentadas, unha do PSdeG-PSOE, outra de EU e dúas do BNG. As dúas do BNG están presentadas fóra de prazo.

As mocións do PSdeG-PSOE e EU, aínda que el realmente non sabe se son rogos ou son mocións, vainas tratar, pero as que están fóra de prazo non as vai tratar, se ben unha delas é practicamente a mesma moción que presentou EU, que si o fixo en prazo.

Reitera que lles vai deixar ler as mocións en prazo, pero que de verdade non sabe se son mocións ou realmente son rogos, porque non son mocións resolutivas.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que de verdade pensaba que ese comentario de se unha moción presentada por un grupo é unha moción ou un rogo non o ía volver escoitar nun pleno. Cre que coa nova redacción que se lle ten dado ao Regulamento orgánico municipal queda perfectamente claro que este tipo de mocións son mocións tal cal. Di que lle remite á lectura da modificación do Regulamento orgánico municipal no que se recolle claramente que este tipo de propostas por parte dos grupos municipais son mocións, polo menos a que eles presentan no día de hoxe.

Cre que ese é un tema que xa deben aparcar dunha vez, porque no Regulamento orgánico municipal modificado quedou perfectamente claro, ou debiera ter quedado perfectamente claro para todos os grupos o que é unha moción e o que non o é.

Toma a palabra o Sr. alcalde quen lle di ao voceiro do PSdeG-PSOE que a lea como moción, el simplemente fixo a pregunta de se a fan como rogo, porque non é resolutiva. Vanse tomar unha serie de acordos, pero non é un asunto resolutivo, é simplemente acordar que o alcalde dea traslado do que aquí se vote a un organismo superior no cal non intervén. Iso pode facerse igual como un rogo e non como unha moción. En todo caso, di que de acordo, que simplemente fixo unha pregunta.

A continuación, fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, a concelleira presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Antes de dar lectura ao texto da moción, don Augusto Rey Moreno explica que esta moción ten como motivo a proposta de que o Pleno se manifieste en canto a demandar do Goberno do Estado a modificación do IVE que se vén aplicando aos bens e servizos culturais e que ten unha repercusión moi directa no que é a prestación dese tipo de servizo por parte dos concellos e, en concreto, tamén por parte do Concello de Cambre.

#### **A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para instar ao Goberno de España sobre o tipo de IVE aplicable a bens e servizos culturais**

Rexistrada de entrada ao núm. 11108 o día 31 de agosto de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“En xullo de 2012 o goberno do Partido Popular anunciou unha subida xeneralizada do IVE que, ademais, implicaba o cambio de consideración do imposto sobre o valor engadido sobre os bens e servizos culturais con excepción do libro, que se mantivo. Así, a partir do 1 de setembro de 2012, actividades como o cinema, o teatro e as obras plásticas, sufriron un incremento de 13 puntos no IVE, pasando do 8% ao 21%.

Ata setembro de 2012 España estaba na media europea co 10% de IVE. Ao subilo porémonos na franxa máis alta de Europa, precisamente nun país no que a cultura xera preto do 4% do PIB, e no que este sector é estratéxico para a economía española. Esta decisión deixa a España coa maior porcentaxe de IVE da UE, e coloca aos cidadáns en clara desvantaxe para acceder a ela.

Dende un primeiro momento sucedéronse as advertencias que sinalaban claramente que a desorbitada subida do IVE á cultura tería consecuencias moi negativas, non só para a actividade económica do sector senón tamén para as contas públicas.

A resposta do Goberno de España foi airada, pondo en dúbida estas posibles consecuencias, chegando a afirmar que eran previsións tremendistas e faltas de rigor. Oito meses dan unha mellor perspectiva, e os feitos demostraron con contundencia o erro que supuxo tal decisión.

Segundo datos do Ministerio de Facenda, coa subida do IVE da cultura no último trimestre de 2012 tan só se recadaron 4 millóns de euros máis que en 2011, pero a base imponible e a actividade económica do sector, baixou 328 millóns de euros un 22%. Máis do dobre do que baixou a base imponible para todos os produtos e servizos gravados polo IVE.

Máis aínda, segundo un recente informe da Federación de Empresarios de Teatro, a recadación no sector de artes escénicas caeu un 24% nos dous últimos trimestres. Preto de dous millóns oitocentos mil espectadores menos e mil empregados menos. Aínda así a facenda pública ingresou 10 millóns máis de IVE. Pero se sumamos o que o Estado deixou de ingresar en IRPF, en impostos sobre sociedades e o que ten que

gastar en prestacións por desemprego, a perda para as nosas arcas públicas estímase en 18 millóns. En conclusión, a facenda pública ten perdido oito millóns de euros.

A outra cara da decisión é que a subida do IVE sobre bens e servizos culturais ata o 21% dificulta o acceso á cultura e supón un freo e unha diminución obxectiva da asistencia dos cidadáns a eventos culturais.

Por todo iso, o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno municipal a seguinte proposta de acordo:

Dirixirse ao presidente do Goberno de España co fin de que inste as modificacións legais pertinentes co fin de deixar sen efectos a subida do IVE para bens e servizos culturais, quedando fixado este no tipo reducido, cun máximo dun 10%.”

Don Augusto Rey Moreno di que lles gustaría engadir algo, co fin de intentar aclarar de que forma este tipo de medidas afectan ao noso concello, a todos os concellos en xeral, pero tamén ao de Cambre. Di que se antes tiñan que pagar as actuacións culturais que contrataban, dirixidas aos veciños, a un IVE dun 8%, agora teñen que pagar un 21%, que sae tamén das arcas municipais e, polo tanto, ese diñeiro non vai á prestación de máis ou mellores servizos culturais aos veciños. Ese incremento, que repercute directamente no custo e nas partidas orzamentarias dirixidas a servizos e actividades culturais, leva consigo que os veciños teñan unha menor calidade nos servizos culturais que se lles están prestando.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, a concelleira presente de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro de PdeC, integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, a concelleira presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **B) Moción do grupo municipal de EU de solidariedade coas traballadoras e traballadores da planta de Nostián**

Rexistrada de entrada ao núm. 11106 o día 30 de agosto de 2013, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“O pasado 28 de xullo os traballadores e traballadoras da empresa privada Albada víronse abocados a comezar unha folga para defender os seus dereitos laborais,

debido ás condicións numantinas que a concesionaria do servizo de tratamento de refugallos pretendía aplicarlles aproveitando a lesiva reforma laboral aprobada polo PP.

Albada, unha UTE na que participa Urbaser, empresa que obtivo millóns de beneficios e pertence á multinacional ACS de Florentino Pérez, pretende extorsionar aos seus traballadores e traballadoras reducindo un 25% o seu salario e incrementando a xornada de traballo en tres horas e media.

A concesionaria, cando precisamente máis está a cobrar, máis que anos anteriores, polo canon, argumenta a súa extravagante proposta en que se reduce a súa carga de traballo debido a unha insignificante redución do lixo producido pola cidadanía por mor da crise.

Peregrino argumento da avariciosa empresa, porque o nivel de reciclaxe do lixo nunca estivo á altura do canon que o concello está a pagar.

Este ataque frontal aos traballadores por parte da concesionaria, coincide coa drástica e decidida política de redución de persoal o que vén a demostrar a súa intención de desmantelar o servizo de reciclaxe de refugallos, para converter Nostián nunha planta de transferencia de lixo. Así, no último ano o cadro de persoal descendeu dende practicamente 130 traballadores e traballadoras a 106, entre os 11 despedimentos, finalización de contratos, non renovacións ou falta de cobertura nas baixas. Agora coa intención de incrementar o horario dos traballadores pretende o despedimento de outros 18 empregados, se xa non se reciclaba adecuadamente coa eliminación de postos de traballo a reciclaxe será mínima.

O concello, como subministrador final do servizo á cidadanía xa que está obrigado legalmente a desenvolvelo, ten suficientes argumentos xurídicos para intervir no conflito e evitar que se manteña esta situación que prexudica fundamentalmente á cidadanía. Os poderes públicos deben velar por asegurar a calidade medioambiental do servizo de tratamento de refugallos, así como preservar o emprego por riba dos intereses empresariais.

Non debemos esquecer que este é un servizo público pagado con cartos de todos e todas do que a empresa concesionaria está a obter beneficio.

Diante dunha folga que está a provocar graves molestias á veciñanza, provocada pola avaricia da concesionaria que pretende recortar de golpe unha cuarta parte do salario dos seus traballadores e traballadoras, incrementarlles a xornada laboral e despedir a máis traballadores dos 11 que xa despediu neste ano, Esquerda Unida propón os seguintes acordos:

Primeiro: O Pleno do Concello de Cambre insta ao goberno municipal a non pagar o canon por tratamento de refugallos durante os días da folga pola incapacidade da concesionaria Albada para desenvolver un nivel mínimo aceptable de reciclaxe de refugallos.



Segundo: O Pleno do Concello de Cambre insta ao goberno municipal a descontar do recibo do lixo a parte correspondente ao tratamento de refugallos durante os días que dure a folga.

Terceiro: O Pleno do Concello de Cambre solidarízase cos traballadores e traballadoras da planta de Nostián que levan máis dun mes en folga loitando polos seus dereitos con dignidade e determinación.

Cuarto: Darase conta da parte resolutiva desta moción ao Comité de Empresa de Albada, así como ás centrais sindicais participantes na folga xeral do sector do lixo do 27 de agosto de 2013, CCOO, CIG, STL e UGT.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vaise abster nesta moción por varias razóns. En primeiro lugar non comparten a forma de redacción, sobran valoracións, algún membro da oposición falou de que non se fixeran valoracións, e agora EU fala da multinacional ACS de Florentino Pérez. El cre que a multinacional será dos seus accionistas e Florentino Pérez quen a preside. Di isto simplemente para ver o espírito do que é a moción.

Continúa dicindo que, ademais, isto é un conflito entre unha empresa e os seus traballadores, hai unha negociación, e polo que di a prensa parece que esa negociación non está chegando a moi bo termo, pero di que eles agardan que entre todos se chegue a bo termo, polo ben do servizo que prestan á área metropolitana. Pero di que o goberno municipal non ten unha información directa, nin da empresa nin dos traballadores, que lle permita posicionarse nin a prol nin en contra dunha ou doutra parte. Por iso, non lles parece nin xusto, nin razoable, nin oportuno, posicionarse dun ou doutro lado, polo menos o goberno, ao mellor os concelleiros da oposición si teñen máis información da que teñen eles, é posible, e ao mellor iso tamén lles pode facer presentar a moción e apoiala. Reitera que eles non teñen esa información e, polo tanto, non se senten en condicións de manifestarse, nin a prol, nin en contra.

Segue a dicir que hai outro motivo, que é que EU insta ao goberno, o cal é interesante e non que os obriguen. Insta ao goberno a non pagar o recibo, ou mellor dito, a descontar unhas determinadas cantidades, pero iso é complicado que o poidan facer, é complicado porque o servizo préstase a través do Consorcio As Mariñas. O Consorcio ao Concello de Cambre faille unha liquidación, e o concello págalle esa liquidación ao Consorcio. Nin sequera está nas súas mans contabilizar cal é esa cantidade, e non lle pagan directamente á empresa senón ao Consorcio.

Dilles que teñen que entender que o goberno non quere para nada, nin vai provocar para nada, un conflito con outra administración coa que colaboran día a día moi estreitamente, non pagándolle un servizo que ten obriga de prestarlles e que ao mellor non está a facelo en todas as súas condicións, pero non pola súa culpa, senón por culpa da empresa adxudicataria. Reitera que o concello a quen lle paga é ao Consorcio As Mariñas e non á empresa.

Conclúe dicindo que por todos eses motivos vanse abster.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol, pero gustaríalle engadir algo á moción, se a concelleira de EU o ten a ben, que é instar tamén a todos os concellos do Consorcio As Mariñas a que tomen este tipo de acordos, porque é verdade, tal e como dixo o concelleiro, que son eles os que están a prestar o servizo.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo por suposto que van apoiar esta moción. Por un erro involuntario tiñan unha moción parecida que presentaron fóra de prazo e, polo tanto, loxicamente, e así debe ser, decaeu, por iso queren trasladar e manifestar publicamente o seu total e absoluto apoio a todos e cada un dos traballadores de Albada na súa folga e nas accións que desenvolveron.

O que si queren é facer unha reflexión ao fío desta situación. Dixo o representante do equipo de goberno que aquí hai un problema entre uns traballadores e a súa empresa, pero non se poden subtraer a que esa empresa ten unha vinculación que afecta directamente aos intereses dos veciños de Cambre, e é lóxico que concellos como o Concello de Cambre teñan unha postura máis activa en toda esta situación.

El cre honradamente que se falta á verdade dicindo que as contas se fan no Consorcio, porque o Consorcio As Mariñas, como o seu nome indica, é un consorcio no que están unha serie de concellos, entre eles o de Cambre, é dicir, non é un ente supraterráqueo, etéreo e celestial, o Concello de Cambre está no Consorcio As Mariñas.

Os membros do equipo de goberno foron, por mandato do Pleno, designados para representar ao Concello de Cambre no Consorcio As Mariñas, pide que se fale aí do que se teña que falar, pero quenon se pague nin un euro máis do xusto e necesario, porque ben espelidos que son para outras cousas, en especial, en materia de folga e dereitos laborais, para descontar días aos traballadores. Neste caso se a empresa non presta o servizo nas condicións debidas, loxicamente o Concello de Cambre non pode perder nin un euro.

Continúa dicindo que non pode perder nin un euro o Concello de Cambre, pero tampouco todos e cada un dos veciños de Cambre que están a pagar unha taxa que non é a taxa de recollida de lixo, como se dicía antes, senón que é unha taxa que obriga a determinados servizos no tratamento do lixo, que obriga a reciclar, que obriga a unha serie de cuestións que están lexisladas a outro nivel, e todos saben, porque a información do comité de empresa de Albada é de dominio público, que iso non se está a realizar. Polo tanto, o BNG di publicamente que como veciños de Cambre están a pagar por un servizo que non se lles está a prestar. O lixo quítanllelo de diante, pero tamén están a pagar para que iso teña un tratamento acorde coas normativas que rexen a nivel europeo, para que parte desas substancias de refugallo se reciclen, e iso non se está facendo.

O que non pode dicir a administración municipal é que é un problema entre unha empresa e os seus traballadores. É un problema que lles afecta a todos, que ten unha relevancia bastante importante e sería desexable que o Concello de Cambre se puxera de lado dos traballadores, que polas circunstancias que sexa defenden uns intereses coincidentes, ao seu modo de ver, co que son os intereses do concello e dos veciños de Cambre, e non absterse, ou facer comentarios como o de que non se pode dicir “a multinacional de Florentino Pérez”, pois, si claro que se pode dicir, iso non é unha valoración, non é unha opinión. Se queren especificar as cousas e dicir que Florentino Pérez é o máximo representante e parte accionarial da multinacional ACS, por eles non hai problema, se é que esa modificación vai servir para aceptar a moción, pero claro que non vai servir, di que xa vai entendendo.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser loxicamente favorable, van apoiar a moción, e de verdade lles reclama de verdade que defendan o caso, non por defender aos traballadores de Albada, senón polos intereses dos veciños de Cambre que están pagando por algo, por un servizo que non están recibindo.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el entende a postura do Sr. concelleiro, e é moi posible que poida compartir gran parte das verbas que acaba de comentar, o único problema é que a moción non fala diso do que o Sr. Carballada acaba de falar, aquí a moción do único que fala é dun conflito laboral e pide o posicionamento dos distintos grupos nese contexto, no contexto do conflito laboral.

Hai un conflito laboral que efectivamente existe, porque hai unha folga convocada. O goberno municipal, dentro desa negociación colectiva, e aclara que eles non falaban de problema, falaban de negociación colectiva que é o que están facendo, dentro desa negociación o goberno municipal non ten argumentos para coñecer e posicionarse. Iso é o que lles dicía.

Hai escasamente tres horas o presidente do Consorcio As Mariñas vén de denunciar publicamente o que o Sr. Carballada acaba de dicir. O presidente do Consorcio que como ben saben é do PP, e a quen o alcalde de Cambre apoiou cando se elixiu ao presidente do Consorcio. Reitera que o presidente acaba de denunciar que ese servizo non se está prestando nas debidas condicións.

Eles están de acordo co que di o Sr. concelleiro do BNG, pero o único problema é que a moción que están debatendo non fala diso, fala doutra cousa, fala dun conflito laboral, é do único que fala. Se a moción falara doutra cousa, entón eles posicionaríanse sobre o tema.

Evidentemente o servizo non se está prestando ben, quen está encargado por mandato deste concello, e do resto dos concellos da área metropolitana, é o Consorcio As Mariñas, el é o responsable de vixiar o cumprimento do contrato, e por iso o presidente do Consorcio hai escasamente tres horas vén de dicir non medios de comunicación que tomará medidas, porque non se está cumprindo co contrato que se asinou.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que o Sr. Andreu ten o seu móbil e el emprázao a, na medida do posible, de cara ao vindeiro mes, consensuar unha moción conxunta sobre este tema e sobre todo co compromiso de que non quede en papel mollado en sustentación do seu goberno.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que aínda que non comparte totalmente a redacción da exposición de motivos, algunha expresión, ou incluso o acordo primeiro e segundo, si que vai votar a prol da moción porque está de acordo co fondo, que é solidarizarse cos traballadores afectados.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira suplente de EU, agradece ao resto de compañeiros o seu apoio e acepta a modificación proposta por UxC, parécelle unha achega moi positiva para a moción.

Respecto da abstención do PP reconece que, efectivamente, hai un conflito entre empresas e traballadores, nin máis nin menos. Dixeron que non teñen información para posicionarse, antes falouse neste pleno das obrigas, este é o pleno das obrigas, que se cumpren ou que non se cumpren, e quizais a obriga do goberno sería terse informado de por que hai ese conflito, de por que levan un mes de loita, de por que os traballadores teñen que recorrer a unha caixa de resistencia porque non poden cobrar por estar en folga, por que a empresa non entrega as contas aos traballadores, porque nunha negociación téñense que poñer todos os datos enriba da mesa.

Dilles que se sopesaran todos eses datos igual votaban a prol, que é o que deberían facer, e non absterse nesa cómoda posición.

Respecto do tema do Consorcio, case mellor o emprazaría a que non o dixera. O Consorcio, como ben dixo o Sr. voceiro do PP, vén de dicir hoxe, de dicir, non de denunciar, que Albada non cumpre nin por asomo coa reciclaxe. Iso non é denunciar. Pídelle que agora non lles diga que non se pode negociar co Consorcio a eliminación do canon, canon que por certo séguese negociando en segredo, sen que ninguén saiba tampouco como está discorrendo esa negociación, e iso sen falar do posicionamento do Sr. Negreira, do Concello da Coruña.

Continúa dicindo que coa súa abstención o que están dicindo é que se absteñen de descontar aos veciños a parte do recibo do lixo correspondente ao tratamento de refugallos durante os días que dure a folga, non están de acordo con iso, vale.

Non están de acordo, senón que se absteñen, con non pagar o canon por tratamento de refugallos durante os días da folga pola incapacidade da concesionaria para desenvolver o mínimo aceptable nivel de reciclaxe de refugallos. Tampouco están de acordo, se absteñen.

Conclúe dicindo que tamén se absteñen de solidarizarse cos traballadores e traballadoras, está todo dito.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que cre que a Sra. concelleira interpretou mal as palabras do Sr. Andreu, e el quere aclararllas. Esta moción, o seu

grupo e el como alcalde, votaría a prol, incluso está de acordo en introducir a cláusula que dixo o Sr. Patiño, pero sacaría da moción os dous primeiros puntos, por unha sinxela razón, porque ela está metendo ao Concello de Cambre nun compromiso que el non sabería como resolver, xa que están adheridos a un consorcio e teñen un concerto todos xuntos, os nove concellos do Consorcio As Mariñas.

Di que hai máis de ano e medio que o Consorcio As Mariñas non lle paga a Albada o tratamento de refugallos, págalle a recollida de lixo, pero non o tratamento, e están en xuízo.

Pregunta cal é, polo tanto, a parte que lle corresponde ao Concello de Cambre por esa taxa, cal ao Concello de Betanzos, ou cal ao Concello de Oleiros. El esta de acordo en instar ao Consorcio As Mariñas, pero dille que non lle pida ao Concello de Cambre que adopte unha medida na que non van estar de acordo, ao mellor, o resto dos concellos, porque con iso romperían o acordo total do Consorcio As Mariñas.

Se ela lle fala de apoio aos traballadores están totalmente de acordo. Dar conta aos sindicatos, tamén. Instar ao Consorcio As Mariñas a que faga ese desconto da taxa, están de acordo. Pero coas outras dúas cousas el non pode votar a prol da moción. El, como alcalde, non pode votar a prol, como goberno non poden votar a prol da moción.

Pídelle que lle diga como fai para descontarlle da liquidación ao Consorcio As Mariñas, a parte do tratamento dos refugallos. Os informes están aí e ela pode instar ao Consorcio, que é o que ten o contrato asinado con Albada para o tratamento do lixo, e iso o Consorcio xa o está facendo, o que pasa é que está en xuízo.

Conclúe dicindo que sendo así eles teñen que absterse. Se a Sra. concelleira quere modificar a proposta, introducir o que dixo o Sr. Patiño, e eliminar os dous primeiros puntos, eles encantados de votar a prol. Pero con eses dous puntos eles non poden votar a prol, porque os que van sufrir as consecuencias son os veciños. Se crean un conflito co Consorcio As Mariñas igual o lixo de Cambre queda na rúa.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que sobra ese alarmismo. Di que todo se pode facer con boa vontade, a todo se pode chegar con vontade política e con vontade de entender o que se está aquí pedindo. O Consorcio será libre de dicir se se pode facer ou non, e o Concello de Cambre, pedindo os informes pertinentes poderá dicir se se pode descontar ou non, pero pide que teñan a vontade.

O Sr. alcalde manifesta que o de instar ao Consorcio As Mariñas está disposto a facelo, pero eliminando os dous primeiros puntos da moción, o de non pagar o canon e descontar do recibo a parte correspondente ao tratamento dos refugallos.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López contesta que non vai modificar eses puntos, e propón que se vote así.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación proposta polo grupo municipal de UxC, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres

concelleiros de UxC, a concelleira presente de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de PdeC, integrante do GM, e abstéñense os sete concelleiros do PP.

A Corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: O Pleno do Concello de Cambre insta ao goberno municipal a non pagar o canon por tratamento de refugallos durante os días da folga pola incapacidade da concesionaria Albada para desenvolver un nivel mínimo aceptable de reciclaxe de refugallos.

Segundo: O Pleno do Concello de Cambre insta ao goberno municipal a descontar do recibo do lixo a parte correspondente ao tratamento de refugallos durante os días que dure a folga.

Terceiro: O Pleno do Concello de Cambre solidarízase cos traballadores e traballadoras da planta de Nostián que levan máis dun mes en folga loitando polos seus dereitos con dignidade e determinación.

Cuarto: Darase conta da parte resolutiva desta moción ao Comité de Empresa de Albada, así como ás centrais sindicais participantes na folga xeral do sector do lixo do 27 de agosto de 2013, CCOO, CIG, STL e UGT.

Quinto: Instar aos concellos que integran o Consorcio As Mariñas a que adopten estes mesmos acordos.

## **2. PARTE DECLARATIVA**

### **2.1. Declaracións institucionais**

Non foi utilizado este punto.

### **2.2. Moción presentada polo grupo municipal Unión por Cambre con data de 26 de agosto de 2013, rexistrada de entrada ao número 10957**

Consta do seguinte teor literal:

**Declaración respecto da actuación do Sr. alcalde en relación co Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e as empresas ‘LP 45 Producciones’ e ‘Iceberg Audiovisual S.L.’ para a realización conxunta do ‘Brincadeira Rock in Cambre Festival’ que con elas formalizou o día 1 de febreiro de 2012, e a súa posterior execución**

Exposición de motivos

Antecedentes

1. Con ocasión das festas de Santa María de Cambre, o Concello veu organizando o denominado Festival Rock in Cambre como actividade ou servizo público de espaxemento e cultural de promoción pública e carácter gratuíto.

2. Para tal fin no orzamento municipal do exercicio 2012 incluíuse a partida orzamentaria 334/22609 Festival Brincadeira e Rock in Cambre, por importe de 239.999,99 euros (240.000 euros).

3. Para a execución e promoción desta actividade cultural, e baixo a xustificación da carencia de medios municipais para levar a cabo a organización, a falta de existencia de empresa pública á cal facerlle a encomenda e co fin de proporcionar *‘Non só beneficios culturais, senón tamén económicos tanto aos empresarios como á comunidade veciñal no seu conxunto’* o alcalde considera como única solución a sinatura dun convenio que subscribiu o día 1 de febreiro de 2012 coa denominación *‘Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e as empresas “LP 45 Producciones” e “Iceberg Audiovisual, S.L.” para a realización conxunta do “Brincadeira Rock in Cambre Festival”.*

De acordo co establecido no dito convenio, da organización do festival encargáronse LP45 Producciones, S.L. e Iceberg Audiovisual, S.L., achegando o Concello de Cambre unha cantidade equivalente ao 33% do custo total da produción do evento, cun máximo de 240.000 € (custo previsto de produción 727.272.73 €) (*cláusula segunda apartado 1*). Para non crear tensións de tesourería realízanse seis de 39.999,99 €, entre os meses de abril a xuño (*cláusula segunda apartado 2*).

Na mesma cláusula, apartado 3 dinos que os ingresos repartíranse na forma seguinte:

TRAMO	CONCELLO	PRIVADA	TOTAL	Ingresados ao concello
1	70.000			70.000
2		140.000		
3	100.000			
4		146.000		
5	70.000			
<b>Totais</b>	<b>240.000</b>	<b>286.550</b>	<b>526.550</b>	

Na redacción do último pago, o convenio di: *‘Os seguintes 70.000 € irán destinados ao Concello de Cambre, sufragando co dito ingreso a súa achega total de 240.000€’.* A previsión é que o concello, nesta operación rescatase todo o adiantado e polo tanto o evento debía custarlle ao final cero euros.

A realidade é que se deixaron de recuperar 170.000 € menos dos previstos máis facturas presentadas por valor de 13.587,09 € e as horas extras de Policía Local e Protección Civil 17.308,05 €. O que fai un total de perdas, para o Concello posto que da empresa non sabemos nada, de 200.875,94 €.

4. Nun momento determinado, ante a sospeita de que o tal denominado “Convenio de Colaboración” tivese sido formalizado polo alcalde de maneira directa e sen o cumprimento de ningún requisito procedimental, o grupo municipal Unión por Cambre presentou un escrito no concello o día 30 de outubro de 2012 no que pediu *‘copia do procedemento administrativo, así como os informes de Secretaría e Intervención polo cal se asinou o convenio para a realización do festival Brincadeira’*, recibindo contestación o 14 de novembro de 2012, do alcalde, segundo a cal os informes

solicitados e o procedemento *'non existen por non ser necesarios nin preceptivos'*.

Ao non obter resposta o día 6 de febreiro do 2013 e ante o que consideramos inadecuado da contestación, volvemos solicitar nova información co seguinte texto:

*'Examinada a contestación e ante o carácter do su contido, solicitamos: 1.- Se nos informe se existe ou non informe xurídico que avale a contestación dada. 2.- Se existe, se nos remita copia dilixenciada e autenticada'*.

A esta solicitude dáse resposta o día 19 de febreiro de 2013, neste caso polo concelleiro de Réxime Interior segundo a cal *'non dispoñemos de informe xurídico ningún por non ser preciso'*.

É dicir, o alcalde, sen informe xurídico ningún que avale a legalidade da súa actuación, decide asinar o convenio e ademais que se axusta á lexislación vixente en contratos da administración pública con empresas privadas.

Ademais do sorprendente que resultou que se afirmase que non existían informes de Secretaría e Intervención *'por non ser necesarios nin preceptivos'*, este grupo municipal puido comprobar logo que polo menos existen informes da interventora municipal sobre a fiscalización das facturas que emitiu 'LP 45 Producciones, S.L.', informes, ademais, que teñen fiscalización de desconformidade respecto do recoñecemento de tales obrigas de pago.

5. Non só lle chamou a atención a este grupo municipal a carencia absoluta, ou aparentemente absoluta, de expediente de contratación (que estará composto unicamente polo convenio asinado e a posterior tramitación para os efectos de pago das facturas), senón tamén o feito de que as facturas estean emitidas exclusivamente, ao parecer, pola empresa 'LP 45 Producciones, S.L.', sendo así que o acordo o formalizou o alcalde con ela e con 'Iceberg Audiovisual, S.L.'.

Por tal motivo, pediu información ao Rexistro Mercantil da que resulta que 'Iceberg Audiovisual, S.L.' iniciou as súas actividades en maio de 2007 e o último preceptivo depósito de contas anuais que realizou foi o correspondente ao exercicio do 2009.

Tal situación, que é anterior á formalización do chamado 'Convenio de colaboración', supón o incumprimento dun dos presupostos para contratar co sector público cal é a esixencia de reunir e acreditar a solvencia económica e financeira necesarias mediante as contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil e por conseguinte a falta de aptitude de tal empresa e irregularidade da contratación polo menos en canto a ela se refire, ao tempo que quizais sexa a explicación pola que as facturas foron emitidas unicamente pola outra empresa.

6. Con resultado coñecido da xestión do convenio pasouse dunha previsión, por convenio, de ingresos tal que permitían recuperar ao concello os 239.999,99 euros adiantados á empresa, entre os meses de febreiro e xullo, en pagos mensuais de 39.999,99 euros, a perder, a día de hoxe=200.875,94 € (170.000 euros non recuperados, máis facturas por valor de 30.895,74 €).



7. Dos antecedentes relatados cabe extraer as seguintes conclusións:

- Unha actividade de espaxemento e cultural, de carácter gratuíto, que sempre organizara o Concello, transformouna o alcalde nunha actividade de espaxemento cultural/económica organizada por empresas privadas, 'un negocio'.
- A decisión tomouna o alcalde sen asesoramento xurídico e sen informe da Intervención municipal, a pesar de afectar a unha actividade con dotación orzamentaria e cambiarlle a súa natureza con asunción de dereitos e obrigas económicas.
- A contratación realizouna sen seguir procedemento ningún e sen sequera esixir a acreditación da capacidade e solvencia económica e financeira das empresas.
- O tratamento da tramitación como convenio impide garantir a libre competencia, mediante os principios de liberdade de acceso as licitacións, publicidade, transparencia e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, e asegurar así mesmo unha eficiente utilización dos fondos públicos.
- A Intervención municipal emitiu informe fiscalizador de desconformidade ao recoñecemento das obrigas de pago a prol de 'LP 45 Producciones, S.L.' derivadas de tal convenio.
- Dada a fiscalización de desconformidade, o pago das facturas só pode terse realizado en virtude de resolución executiva do alcalde.
- A xestión, seguimento e fiscalización do convenio deriva na perda non prevista, nin xustificada de 200.875,94 € para o Concello. Sen saberse cantas perdas ou ganancias obtivo a empresa ou empresas privadas que asinaron o convenio.

En resumo danse dous tipo de consideracións, a ter en conta:

1. A utilización dun convenio para contratar un servizo, dos previstos na Lei 3/2011. O que evita a fiscalización do contrato polos instrumentos administrativos responsables e a liberdade de acceso ás licitacións, publicidade, transparencia e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, e a asegurar, así mesmo, unha eficiente utilización dos fondos públicos.
2. E o incumprimento das condicións previstas no propio convenio afectando a fondos públicos, sen xustificar a data de xullo do 2013.

Ante a gravidade do asunto, por limpeza e transparencia democrática.

Propóñense os seguintes acordos:

Primeiro: Que se remita ao Consello de Contas de Galicia, na súa función fiscalizadora prevista na Lei 6/1985, do 24 de xuño, e a Fiscalía, polas connotacións que a xestión ten sobre fondos públicos, o convenio, e a súa xestión, do 'Brincadeira Rock in Cambre Festival' realizado no ano 2012. Trasladándolles o expediente completo a

data de presentación desta moción. Para o seu exame e avaliación.

Segundo: Que se acompañe ao expediente o contido desta moción.

Terceiro: Que se entregue aos grupos da oposición copia dilixencia da documentación remitida ao Consello de Contas e á Fiscalía.

Cuarto: Dar un prazo dun mes para o seu traslado ao Consello de Contas e á Fiscalía.

Quinto: Manter informados aos grupos da oposición de todos os procesos que leva consigo este expediente.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, expón que eles xa o teñen manifestado publicamente, e volven dicirlo agora en persoa, que non se van a opoñer, por suposto, a que haxa unha investigación sobre a xestión que ten feito o goberno municipal, ou calquera dos concelleiros, ou incluso os funcionarios, respecto deste asunto ou calquera outro. Non se van opoñer.

Pero tamén poderán entender que esta moción non é menos que dicir que queren que o Pleno presente unha denuncia ante a Fiscalía, entenderán que, polo tanto, non voten a prol tampouco, porque quedaría un pouco raro que se autodenunciaran. Así pois, vanse abster, pero manifestando que están de acordo en que se investigue, por transparencia e democracia, como ben din na moción.

Continúa dicindo que o único problema é que o que queda máis ou menos claro é que o Sr. García Patiño o único que quere é embarrar, e por riba non só se trata da opinión pública, porque el nos medios de comunicación pode dicir máis ou menos o que lle veña apetecendo, senón que tamén está tratando de enganar aos membros da oposición, porque el xa sabe que este tema foi investigado polo Valedor do Pobo, e o Valedor do Pobo xa lle dixo en maio deste ano que non había nada que investigar.

Dille que agora o que quere é embarrar e seguir co tema, e non lle chega con que lle diga o Valedor do Pobo, que se supón que é unha institución neutral e non partidista, non lle chega con iso, senón que quere que sexa o Consello de Contas e que sexa a Fiscalía.

El xa lle di que non teñen ningún problema, que cumprirán coa moción puntualmente e á maior brevidade, e teranlle informado de todas as investigacións que se realicen ao respecto, se é que deciden investigar algo porque xa o Valedor dixo que non había nada que investigar, polo que tamén é posible que digan que non hai nada que investigar.

Conclúe reiterando que non se van opoñer e que cumprirán coa moción.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo van apoiar esta moción. Entenden que o Valedor do Pobo é unha institución que pode dicir calquera cousa, pero tampouco cren que sexa a institución que teña que opinar sobre este tema, por iso lles parece adecuado o que pide UxC, que se remita ao Consello de Contas e á Fiscalía se é pertinente.

Ademais, di que dende o seu grupo, igual que outros grupos, reclamaron e incidiron en varias ocasións nesta situación pediron información sobre o convenio, os contratos, fixeron unha batería de preguntas ao concelleiro de Cultura, etc. Hai distintas cuestións que cren que se debe aclarar e, pola transparencia que isto poida supoñer, parécelles lóxico o apoio a esta moción.

Tamén queren recalcar, precisamente referíndose neste caso ao concelleiro de Cultura, que tamén é importante facer unha reprobación a esta persoa, porque como se falou antes, no tema da Conta Xeral, moitos dos grandes reparos que presenta, veñen dados por temas desa concellería en concreto.

Conclúe dicindo que é algo que se debe aclarar, os veciños teñen que ter toda a información posible sobre estes temas para disipar calquera dúbida, e é importante que se acabe co tema.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, voceira suplente de EU, manifesta que o seu grupo vai apoiar esta moción. Coidan que vén nun momento moi adecuado, é unha moción que pode ser que poña fin a este asunto, porque neste terreo de discusión van estar sempre cada un do seu lado, xa que cada un ten as súas razóns.

Di que a exposición de motivos é brillante, realmente reflicte fielmente o acontecido con esa desafortunada decisión para o equipo de goberno, que seguen arrastrando a día de hoxe, e por suposto van apoiar a moción.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que vai facer un pequeno resumo, primeiro gustaríalle saber quen pon ao Valedor do Pobo, pregunta se non é o Parlamento, que está gobernado polo PP. É un posto elixido por eles.

Di que vaille ler o que UxC lle pediu ao Valedor do Pobo, e verán que o Valedor do Pobo non investigou nada. Eles expuxéronlle parte do que agora tamén expuxeron nesta moción e pedíronlle que se admitira a queixa aquí presentada, unha queixa que viña porque o equipo de goberno non lles facilitaba a información que estaban pedindo, día tras día, sobre o Brincadeira. Non llela daban e, polo tanto, tiveron que denuncialos ante o Valedor do Pobo, para que os instase a darlles esa información.

Ao Valedor do Pobo o que lle pediron é, primeiro, que se admitira a queixa, segundo que se requiriran ao goberno municipal os informes solicitados e que comprobaron que existen, referíanse aos informes que eles viron da interventora e, en terceiro lugar, que en aplicación do artigo 13 se investigara a sinatura do convenio sen os informes mínimos que garantizaran a súa viabilidade, por entender que atentan contra o máis básico principio do funcionamento administrativo, da transparencia e das básicas garantías de formulación democrática.

Di que iso é o que UxC lle pediu ao Valedor do Pobo.

O Valedor do Pobo levouno a trámite, e contestoulles que o resultado da súa xestión reflíctese do informe emitido polo Concello de Cambre e que se transcribe de xeito

literal. Ou sexa, o que fixo o Valedor do Pobo foi coller, copiar e mandar o que o goberno municipal dixo coas súas mentiras sobre que lles deran todo aos grupos da oposición, que puideron facer copias, etc. Di que iso foi o que fixo o Valedor do Pobo.

O Valedor non di nada da petición número tres, onde lle piden que investigue a sinatura do convenio sen informes mínimos, non o nomea. O que di é que esgotada a súa función de supervisión da actividade pública da administración municipal requirida, declara a conclusión do expediente, e así se acabou. É dicir, o que fixo foi pedirlle ao Sr. Andreu que lle enviase o que vira por aí, o Sr. Andreu enviouno, o Valedor transcribiuno e mandóullo a UxC, por iso eles fixeron esta moción, porque pensan que ten que ser moito máis investigado do que fixo o Valedor do Pobo. Di que o Valedor do Pobo non fixo absolutamente nada. Teñen aquí os papeis que o din. Non investigou nada.

Continúa dicindo que UxC non engana a ninguén, nin á oposición, nin aos seus veciños, eles o que piden é o que estiveron a pedirles durante un ano. Preguntáronlle ao equipo de goberno se tiña informes que avalasen a súa actuación, e a resposta foi que non eran necesarios. Pois ben, igual que hoxe aprobaron remitir a Conta Xeral, pídelles que vaia todo xunto ao Consello de Contas, e tamén que vaia á Fiscalía, e que sexan eles os que digan que non eran necesarios eses informes. Iso é o que están votando.

Di que fracasaron estrepitosamente na realización do festival, porque no pleno monográfico que se fixo ao respecto recoñeceron que perderan 70.000 euros, todos o lembran e así consta nas actas. Tamén están esas dúas empresas, unha das cales non presentou as contas, pero será que habería que darlles o servizo a dedo, sería porque lles gustaba, porque algo habería que facer para seguir coa legalidade.

No punto 5 do convenio díse que todo o proceso de contabilización entre as partes deberá estar finalizado antes do 30 de setembro do 2012, e esas empresas non cumpriron. Hoxe tiveron coñecemento pola prensa de que lle ían dar máis tempo para que pague. Pensaban que o festival o ían facer en Ordes e que ían ter beneficios, pero resulta que venderon moi poucas entradas e anuláron directamente o espectáculo.

Conclúe dicindo que xa verán se os veciños de Cambre van recuperar os cartos, e que a eles, dende logo, non saben a que vén esa prórroga concedida á empresa, non o saben. Incumpren o convenio e o Sr. alcalde dálles unha prórroga. El cre que como alcalde de Cambre, sabendo o que sabe despois desta moción, debería tomar cartas no asunto e denuncialos, polo menos por impago ou por incumprimento do contrato. Agarda que co resultado do estudo do fiscal, obren en consecuencia.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que é a segunda vez que o Sr. García Patiño o chama mentireiro en público, pero a el xa lle dá igual a súa palabra, e vaille dicir o porqué. Di que el ten unha foto co Sr. García Patiño e co cantante de Status Quo, e o Sr. voceiro de UxC desfrutou moito nese festival, a el incluso lle deu a en hora boa, felicítouno pola organización do festival e a foto está aí e é pública.

Di que é máis, chámao mentireiro a pesar de que sabe perfectamente que foi o único voceiro dos grupos municipais que foi ao seu despacho, onde el tiña dúas carpetas

enriba da mesa de reunións coa información. Deixoulle ver todo o expediente do Brincadeira, incluso as facturas de LP 45, facturadas polos grupos, pero o Sr. García Patiño díxolle que iso non facía falta, que o problema era a actitude do seu concelleiro, di que esas foron as súas palabras.

Continúa dicindo que o único que pasa é que con esta moción o voceiro de UxC trata de embarrar. Aquí neste pleno, e hai actas que o demostran, a el xa lle fixeron unha pregunta sobre o pago que Brincadeira Rock in Cambre quedou de facer ao Concello de Cambre. El sabe que en decembro, como estaba previsto, pagaron os 70.000 euros, pagáronos en prazo. Respecto dos outros 100.000 euros que faltaban, viñeron da empresa e díxéronlle que non tiñan medios para pagar nese momento, e pedíronlle unha prórroga. El díxolles que estaban falando do diñeiro dos veciños de Cambre, pero que se non podían pagar, e antes de ir a xuízo, que lle dixeran en que data podían pagar. Díxéronlle que en outubro deste ano, cando inicialmente estaba previsto para maio. Simplemente lles alongou o prazo como lle podería ter feito a calquera empresa que viñera aquí a dicir que non pode pagar o IBI e pide un prazo para facelo. Di que tamén llo fai se non pode pagalo. Chegado outubro, se esa empresa non cumpre, irán ao xulgado, e pídelle ao Sr. García Patiño que non o dubide.

Reitéralle que o único que fai o voceiro de UxC é deixar ver que hai un escurantismo sobre o festival, e o que está tratando de facer é embarrar, nada máis.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que igual o Sr. alcalde quere que lle asine a foto, porque como xa a nomeou tantas veces, repetindo que sacou unha foto con el e con Status Quo.

Dille que el foi usuario do festival, e a el o festival gustoulle, si señor, e iso el nunca o negou aquí, nunca dixo o contrario, si que o dixo cando o goberno municipal aprobou os orzamentos, dixo que era unha barbaridade investir 240.000 euros nun festival. Son dúas cousas totalmente distintas.

Dixo o Sr. alcalde o do escurantismo, pois ben, se non ten uns informes que avalen ese convenio, xa lle dirá el se iso non é escurantismo. Dille que desa forma se financian moitos partidos políticos, dicindo que van asinar un convenio onde ao final a empresa privada di que perdeu 240.000 euros, como poden ser 500.000, porque non hai ninguén que o fiscalice. Iso xa o avisaron eles dende o principio, e iso foi o que o Sr. alcalde fixo.

É máis, escurantismo é o que fixo o Sr. alcalde asinando o convenio. No apartado 4º, cláusula de boa fe, as partes comprométese de maneira recíproca, e con independencia dos resultados obtidos pola realización do festival, a non difundir pública nin privadamente información ningunha que poida causar prexuízos de imaxe ou á profesionalidade das partes restantes. Di que iso é escurantismo, asinou un convenio para que non se diga nada, e agora dille que é el o que busca o escurantismo.

Conclúe dicindo que parece mentira, que eses son os feitos, e pídelle que se absteñan e que sexa a Fiscalía ou o Consello de Contas os que fagan a súa valoración, nin máis nin menos.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el xa non sabe como cualificar as intervencións do voceiro de UxC, porque de verdade que lle sorprenden. Di que conste que el confiaba moito no Sr. García Patiño ao principio da lexislatura, pero agora parécelle lamentable que diga o contrario do que lle. Está dicindo que o Valedor do Pobo non investigou porque non lle pedira que investigara, pero resulta que no terceiro punto si que lle pedía, e o Valedor do Pobo, ao final, o que lle contesta é que non ten nada que investigar.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que o Valedor non di iso, que lle diga onde o di.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que si, que o Valedor di que non ten nada que investigar, no último parágrafo de todos di que non ten nada que investigar, que unha vez acabada a súa actuación dá por arquivado o asunto. Di que entón si que investigou, pero investigou e deduciu que non tiña nada máis que facer. O expediente está arquivando.

Reitera que o Valedor o que lle está dicindo é que non ten nada que investigar, non ten nada máis que facer e, polo tanto, arquivao. Pídelle que non se enroque neste asunto e que non intente crear unha polémica. Estanlle dicindo que eles non teñen ningún problema, e que puntualmente, unha vez aprobada a moción, eles mesmos van pedir e van acelerar o tema, para que se investigue canto antes, e que o Sr. voceiro, canto antes, caia da burra e se dea conta de que non hai nada que investigar, porque o que está intentando facer é que a xente, a opinión pública, os xornalistas, pensen que aquí hai algo, pero dille que non hai nada. Dille que está agarrado a isto como a un ferro ardendo para intentar atacar ao goberno, pero é o único que ten e non hai nada.

Dille que xa lle dixo o Valedor do Pobo, pero que lle dirán e volveranlle a dicir. O goberno está moi seguro e moi convencido da súa actuación, de que foi totalmente legal. Xa lle dixo no último pleno, organizativamente foi moi mellorable, a nivel burocrático, pero o festival foi un éxito, como o propio voceiro de UxC acaba de recoñecer. Foi un festival formidable, que organizativamente puido ser mellor, é o primeiro en recoñecelo, pero a actuación do goberno foi impoluta, sobre iso el tamén ten unha total seguridade. Por iso di que non lles preocupa para nada que os investiguen, para nada, xa o fixo o Valedor.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño pregunta que é o que fixo o Valedor, o Valedor que está posto polos seus compañeiros de partido, a dedo. O Valedor do punto número tres non di absolutamente nada, non di nin que deixa de investigar nin que non deixa de investigar, de feito non di nada de nada, o único que di, e a prensa está aquí, e farállelo chegar e aos compañeiros da oposición igual, o único que fai é transcribir a información que o goberno municipal lle mandou, nin máis nin menos que iso, non di nada máis, non di nada de que investigara e non vira ningún tipo de indicio de delito, diso non di absolutamente nada.

Pídelle que non diga que o Valedor do Pobo investigou, porque o Valedor do Pobo non fixo absolutamente nada, é o diñeiro máis tirado do país, entre outras moitas cousas.

Pide que sexa o Consello de Contas e o fiscal os que decidan.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, a concelleira presente de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro do PdeC, integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

### **3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN**

#### **3.1. Informes do equipo de goberno**

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Do informe da Intervención municipal, de data 11 de xullo de 2013, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Primeiro trimestre 2013.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1121, do día 1 de agosto de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Marta María Vázquez Golpe dende o día 1 ao 15 de agosto de 2013, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas pola Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1125, do día 5 de agosto de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona María Jesús González Roel dende o día 5 ao 17 de agosto de 2013, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1198, do día 9 de agosto de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Felipe Andreu Barallobre dende o día 12 ao 23 de agosto de 2013, ambos os dous incluídos, a partir

dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1208, do día 13 de agosto de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Fernando Caride Suárez dende o día 19 de agosto ao 3 de setembro de 2013, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1255, do día 23 de agosto de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Felipe Andreu Barallobre dende o día 24 ao 28 de agosto de 2013, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1294, do día 2 de setembro de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Manuel Marante Gómez dende o día 2 de setembro ao 8 de setembro de 2013, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

### **3.2. Rogos**

#### **Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 11109 o día 31 de agosto de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Dende a entrada en funcionamento, o pasado 8 de abril, das zonas de estacionamento con limitación temporal, máis coñecidas como “parking express”, nas rúas Constitución, Tapia e Párroco Manuel Cobas da parroquia do Temple, e ata o día



11 de xuño, téñense denunciado por parte da Policía local 70 infraccións por estacionamento de vehículos sen título habilitante ou por exceder do tempo máximo permitido.

Este número de denuncias representa case o 50% do total de infraccións denunciadas no citado período por estacionamentos indebidos nesa zona do concello.

Son moitas as queixas dos veciños que, sen ter recibido a información precisa e suficiente desta nova modalidade de aparcamento, teñen sido denunciados e sancionados con multa de 90€ por estacionar indebidamente nestas zonas.

Por todo iso, solicitamos se leve a cabo unha masiva campaña informativa sobre a colocación e funcionamento destas zonas de aparcamento limitado no tempo, dirixida a todos os domicilios de Cambre e, así mesmo, se faga unha revisión de oficio de todas as denuncias que tiveran como motivo o mal uso delas debido á desinformación dos condutores.

O Sr. alcalde di que está de acordo co voceiro do PSdeG-PSOE en que ao mellor a campaña informativa non foi suficiente, pero tamén lle di que segundo consta no informe que se pedira á Policía Local, e que se lles fixo chegar a todos os grupos, fixéronse 1000 discos horarios e un modelo de ticket estándar. A principios do mes de xullo o Concello repartiu entre os comercios da zona afectada talonarios con 10000 tickets estándar así como 200 vinilos en formato A3 para pegar nas cristaleiras dos comercios, informando sobre onde recoller o ticket.

Tamén quere dicir que desas 70 infraccións que referencian no rogo, realmente non foron 70 senón que foron 86, das cales só 22 pertencen ao Concello de Cambre, o resto son 23 da Coruña, 3 de Alcobendas, 1 de Arteixo, 3 de Barcelona, 1 de Bembibre, 1 de Bergondo, 1 de Cariño, 1 de Chantada, 5 de Culleredo, 1 de Friol, 1 das Rozas, 1 de Madrid, 1 de Malpica de Bergantiños, 1 de Miño, 1 de Moaña, 10 de Oleiros, 1 de Oroso, 1 de Outes, 1 do Pino, 3 de Sada, 1 de Santiago, 1 de Teo e 1 de Portugal.

El entende que ao mellor hai que potenciar aínda máis a campaña informativa, non o dubida, pero non sabe se procede facer unha revisión desas infraccións, cando só hai 22 de Cambre e o resto das 86 son doutros concellos.

En todo caso, recolle o seu rogo e vai facer o posible para que esa campaña se amplíe.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, pregunta se lle pode aclarar o que dixo antes de que se repartiron uns tickets, uns discos, e en que data foi.

O Sr. alcalde contesta que cando entrou en funcionamento o estacionamento limitado, o Concello repartiu entre os comercios das zonas comprendidas por esta medida 1000 discos horarios e un modelo de ticket estándar que se fixo en talonarios, á parte de publicar na páxina web do concello información sobre o funcionamento e situación das tres zonas, así como o modelo do ticket estándar, o cal, ademais, pódese imprimir, cabendo nun folio seis tickets estándar. Iso foi feito cando se puxo en funcionamento,

igual que se deixaron eses tickets en todos os comercios, ademais dos 1000 discos horarios de aparcamento.

A principios do mes de xullo o Concello repartiu entre os comercios das zonas afectadas talonarios con 10000 tickets estándar, así como 200 vinilos en formato A3 para pegar nas cristaleiras dos comercios, nos que se informaba sobre onde recoller os tickets.

Que ao mellor non chega a campaña, é posible, el non o pode valorar, pero seguirán facendo un esforzo nese sentido. En todo caso, como xa dixo, a maioría das sancións son de concellos externos ao Concello de Cambre.

2º Nos traballos de roza de camiños que se veñen levando a cabo nas últimas datas, parte dos restos vexetais quedan depositados sobre o firme. Estes restos, xunto cos acumulados por anteriores rozas, crean unha masa de compost que constitúe unha base excelente para xerar máis maleza e estreitar o ancho do firme das vías municipais.

Por todo iso, solicitamos se limpe a plataforma dos camiños de restos de maleza, depositados como consecuencia da roza.

O Sr. alcalde contesta que efectivamente isto prodúcese dende o primeiro día que colleu a contrata a empresa que o está facendo. Di que leva feitas tres reunións co xerente da empresa e parece que non deu resultado ningunha das tres reunións, polo cal asinou, non sabe se foi a primeiros desta semana, cre que o luns, impoñerlle unha sanción á empresa, porque el non sabe que outra medida se pode tomar cando xa ten a roza case terminada.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que lles parece lóxico, porque no anterior pleno tamén fixeron unha pregunta sobre este tema polas reiteradas queixas dos veciños. Ademais queren recordarlle, aínda que non estea hoxe presente o concelleiro de Obras, que se comprometeu a que se era necesario para o ano que vén farían a roza en dúas quendas, unha adiantada ao mes de abril ou o que fora, e outra no mes de xullo ou agosto. Entenden que iso é prioritario, é necesario xa non por outros temas de maior ou menor importancia, senón sobre todo por temas de seguridade viaria para os veciños deste concello.

Por outra parte, dende logo, o tema de como están quedando, porque incluso nalgunhas actas das reunións do equipo de goberno, eles mesmos fan referencia ao mal funcionamento da empresa, co cal esa sanción está máis que xustificada. Por parte do seu grupo, dende logo, apoian esa medida.

O Sr. alcalde agradece que apoiem a medida, porque el, despois de tres reunións, a cuarta xa non a fai. El asinou a resolución sancionando á empresa e punto.

3º No xardín existente no lateral da igrexa de Santa María de Cambre sitúase un macizo de mirtos que pola altura que ten acadado limita a visión aos condutores que dende a recta do Campo da Feira se dirixen cara á estrada da Estación. O problema

non é menor xa que esta limitación impide a visión dos peóns que cruzan polo paso de cebra existente nese punto en dirección á Praza Europa.

Por todo iso, solicitamos se adopten as medidas máis oportunas para garantir a seguridade viaria neste lugar.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, informa de que xa deron orde para que pasen a podar eses mirtos. Espera que en breve se poden e se rebaixe esa altura.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, agradece a resposta e manifesta que para eles é importante, precisamente polo tema da seguridade viaria, porque todos coñecen ese paso que está diante da igrexa, é un paso moi usado por xente maior, por nenos que se dirixen á escola, e é importante que se manteña nas condicións que se ten que manter.

### **Rogos de UxC presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 11115 o día 31 de agosto de 2013.

1º No parque infantil do Graxal (o do barco), falta un dos topes dos parafusos que unen as pezas do barco, creando unha situación perigosa para os nenos.

Solicitamos rápida solución.

O Sr. alcalde contesta que, efectivamente, este tema xa se detectou. Non sabe por que os rapaces desaparafusan esa táboa, a mediados do mes de xullo xa o arranxaron, e a finais do mesmo mes fíxose unha revisión completa de todo o parque.

Acepta a reclamación e di que van facer unha revisión de novo a eses xogos, que están en garantía. Son os nenos os que sacan os topes dos parafusos, os nenos ou os maiores, non o sabe.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, sinala que incluso nalgúns dos aparellos falta o tope e o parafuso, pero iso non causa perigo, o que causa máis perigo é o parafuso que non ten o tope.

2º Na rúa Wenceslao Fernández Flórez, detrás do colexio, existen dende hai tempo uns farois rotos, isto é perigoso para os veciños.

Solicitamos o seu cambio por uns novos urxentemente.

O Sr. alcalde contesta que iso tamén o detectaron, é máis, o día que foi o maratón fíxose nos farois rotos, e non só os van repoñer, senón que os van retirar, porque eses farois están practicamente podres onde unen, e o día menos pensado poden caer na cabeza de alguén, polo tanto, di que xa deu orde de que retiraran os farois que están podres, e van ver se os substitúen por uns novos, ou os sacan todos, pintan algúns e poñen dous si, e un non.

3º Veciños de Cambre seguen a protestar polos excrementos dos cans en lugares públicos, xunto coas pintadas son dúas das demandas de todas as asociacións e veciños das zonas urbanas do noso municipio.

Solicitamos que dunha vez por todas se tomen en serio estes problemas e se lles dea solución.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, engade que isto tendo en conta que xa sabe que o das pintadas é moi difícil de solucionar. O dos excrementos dos cans si pensa que é máis fácil.

O Sr. alcalde contesta que el ten as súas dúbidas, porque neste concello hai Policía Local e saben que teñen unha orde dada por el hai algúns meses para sancionar precisamente aos propietarios de cans que non recollen os excrementos dos lugares públicos. Di que están nunha campaña exhaustiva, porque a el pode molestarlle levala no zapato, pero o que máis lle preocupa é que eses cans van aos parques infantís e onde hai casca de piñeiro mestúranse as feces dos cans coa casca de piñeiro e non se sabe o que os rapaces collen.

Conclúe dicindo que están poñendo todos os medios para erradicar esta maneira de proceder dos veciños.

Dona Elisa Pestonit Barreiros di que, en relación con isto, outra cousa que quere dicir é que os carteis que están colocados en varios sitios e que avisan que aos donos dos cans se lles pode multar polos excrementos, están dados a volta, están coa letra para arriba. Por exemplo na praza Eduardo Blanco Amor e, polo que lle teñen dito algúns veciños, noutras máis. Deben darlles a volta para que non se poidan ler. Pide que se mire iso tamén, para que polo menos os carteis estean colocados ao dereito.

### **Rogos de EU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 11106 o día 30 de agosto de 2013, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º En días previos á celebración do Rock in Cambre, dende o gabinete de Alcaldía fíxosenos chegar a comunicación de que os concelleiros, xunto cun acompañante, tiñamos dereito a acceder ao backstage, a aparcar no Campo da Feira e a un catering. O grupo municipal de EU decidimos non desfrutar dese dereito a catering por coidar que comer a conta dos veciños é unha mostra de tan mal gusto que non merece nin sequer sen comentada.

Aínda así, e co ánimo de esclarecer a intención do goberno, pregamos se nos informe das persoas que foron invitadas a este catering, cantas asistiron e cal foi o seu custo.

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, contesta que o catering o puxo a empresa organizadora, polo que ao concello non lle custou nada. A empresa díxolles que invitaran tanto á Corporación municipal como aos funcionarios municipais que estiveron alí traballandoe, xa que non lle custaba nada ao concello, iso foi o que fixeron. Pero xa lle di, o custo do catering para o concello foi cero.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, pregunta que empresa organizadora.

Don Santiago Manuel Ríos Rama contesta que “2 Giras Management, S.L.” a empresa organizadora do Rock in Cambre.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López di que entón que lles permita pedir desculpas por dar por feito que ía a conta dos veciños. Eles saben pedir desculpas cando teñen que facelo.

Don Santiago Manuel Ríos Rama sinala que agradece que pida desculpas, pero que non é necesario.

2º Segundo recentes informacións en prensa, a feira de Cambre voltará a celebrarse no seu emprazamento orixinal na primeira feira de outubro, debido á falta de documentación dos solicitantes e a que o volume de solicitudes superan as prazas dispoñibles.

Pregamos que se nos informe sobre o emprazamento que se lles vai dar aos máis de 20 solicitantes que quedaron fóra do reparto das 98 prazas, así como se lle solicitaron informe á Policía Local sobre o lugar máis apropiado para o dito emprazamento.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que unha vez comezada a licitación e revisada a documentación, e agora, xa con datos máis definitivos, pode dicir que para as 98 prazas que hai dispoñibles no perímetro do Campo da Feira presentáronse un total de 105 solicitudes, 21 delas son para agrarios.

Esas 105 son todas solicitudes que se teñen presentado dentro do prazo, e a algunhas delas ténselles requirido documentación. Hai 12 solicitudes presentadas fóra de prazo que, polo tanto, non poden entrar nesta primeira licitación, de aí que se estea estudando a posibilidade de realizar unha segunda licitación, nun novo espazo.

O que ocorre é que mentres non saiban cantas das solicitudes van poder entrar no perímetro da feira, ou se se vai cubrir enteiro ou non, non poden habilitar un novo espazo nin facer unha nova licitación, primeiro teñen que saber que lles vai quedar de aí, para colocalos correctamente nunha zona apropiada e facer esa segunda licitación, porque a idea é facela.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, pregunta se entón quedarían agora mesmo sete solicitudes fóra de prazo, que entrarían na segunda licitación.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe contesta que dos 105 que presentaron en prazo van quedar sete fóra, e logo hai outros 12 que presentaron fóra de prazo, eses non teñen dereito a entrar xa en ningunha licitación posible agora mesmo. Cando sexa a segunda licitación entende que terán que entrar os sete que quedaron fóra do perímetro da feira, máis os 12 que presentaron fóra de prazo e aqueles outros que se presenten a esa segunda licitación, se os houbera.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López sinala que entón entendeu ben, quedan sete persoas fóra de prazo á espera de que se faga ou non segunda licitación.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe aclara que eses sete son fóra de zona, non fóra de prazo.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López di que fóra de zona, entón a pregunta é, porque ao mellor é que ela non está entendendo ben, pero a pregunta é onde se van situar.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe contesta que a iso vai, que mentres non saiban cantos son, non lles poden dar unha colocación.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López dille que son sete.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe di que non, que eles agora mesmo están atendendo 105 solicitudes, o cal non quere dicir que as 105 vaian ser colocadas, poden ser só 50, iso dependerá de se presentan a documentación que se lles requiriu e se cumpren os requisitos que se están examinando agora.

3º A recuperación, vixilancia e mantemento do público é unha das bases do noso grupo municipal, a obrigaón de manter, recuperar e vixiar o noso patrimonio unha obrigaón desta Corporación.

A proliferación cada vez maior de maleza e obstáculos, fragmentan sen dereito camiños públicos do noso termo municipal.

O caso que nos ocupa e que traemos hoxe a este pleno, trata dun camiño que discorre entre a rúa Freande e Pumar Méndez, considerado como vial público nas vixentes Normas subsidiarias de planeamento. O camiño en cuestión encóntrase invadido pola abundante maleza dificultando o seu uso.

Por isto pregamos ao goberno local que tome as medidas correspondentes para limpalo e acondicionalo.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que xa se deu orde para que se limpe ese camiño. O que si lles pode dicir é que é un camiño que está inventariado e, polo tanto, un dos camiños que a empresa que está facendo a roza tiña na súa lista para ir limpar, obviamente non o fixo, polo que xa se deu orde para que o fagan.

### **Rogos do BNG presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 11203 o día 2 de setembro de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Numerosos veciños e veciñas do Graxal veñen falando en datas recentes sobre un plan do concello para modificar o tráfico rodado na zona, existindo certa desinformación e confusión entre a cidadanía. Rogamos informen do estado da cuestión.

O Sr. alcalde pídelle desculpas á voceira do BNG se el entendeu mal, pero o rogo fala de numerosos veciños e veciñas do Graxal, e el non sabe por que falan diso se non hai ningún plan feito para o Graxal, nin de tráfico nin nada, di que non o entende.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, sinala que iso é o que ela lle rogaba que contestase. Di que ao mellor por una vez ten que estar de acordo co Sr. alcalde e a pregunta efectivamente non está moi ben redactada, pero dá igual, o que eles querían saber é precisamente o que o Sr. alcalde lles acaba de dicir.

Explica que varios veciños do Graxal dirixíronse ao BNG para preguntar que pasaba, se ían cambiar o tráfico e se ían facer peonil unha rúa e demais. Á primeira persoa que se dirixiu a eles contestáronlle que non sabían nada do tema e tampouco se lle deu maior importancia, porque alguén pode oír un comentario que non ten base, pero cando xa son máis de tres persoas as que o dixeron e parece ser que a información, polo que ela puido saber, a sacaron da propia Policía municipal, entón é cando decidiron preguntar no pleno a ver se é que se ía facer peonil algunha rúa, ou a ver que propostas se están vendo, porque parece ser que hai algunha en proxecto.

O Sr. alcalde volve preguntar se é no Graxal, porque se lle din no Temple é posible.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto contesta que no Graxal. En concreto, di que hai un mes unha veciña, que foi a última que llo comentou, aparcou mal o coche, viñeron multala, baixou, pediu desculpas e demais, e protestou, e dixéronlle que iso dentro de nada ía ser peonil, que estaban en elaboración un proxecto. Di que por iso ela pregunta, para poderlles dicir aos seus veciños se hai algo ou se non hai nada.

O Sr. alcalde contesta que o pode confirmar, que non hai absolutamente nada. Neste momento no Graxal non hai intención de facer nada, nin hai feito ningún proxecto dese tipo. Se ela lle di un troco de tráfico no Temple, si, xa llelo dixo el mesmo nun pleno, que se estaba terminando de facer unha reestruturación, que por certo xa llela pasará, pola zona da rúa Estanque, onde hai que pavimentar aquela última zona e demais. Aí si, pero no Graxal dende logo, non.

2º O BNG ten traído ao pleno municipal a problemática que afecta a un camiño no Espírito Santo. Rogamos informen de en que punto se atopa a dita problemática.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que a problemática é debida a un peche dun terreo que pasa por ese camiño. O que fixeron é solicitar tanto ao Ministerio de Fomento como a Deputación, que son dous organismos que inflúen sobre ese terreo, un informe para que lles indiquen se se teñen cumprido as condicións por eles marcadas, e que se lle impuxeron a ese propietario cando pediu licenza municipal para pechar o dito terreo. Di que están á espera da contestación.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que o que consta na acta do anterior pleno, e que ademais foi o que ela lles dixo aos veciños, porque aquí non se trata do que se din entre elas, senón do que dixeron aos veciños, foi o compromiso da

concelleira de Urbanismo de que en breve unha empresa contratada polo concello ía proceder a tirar o peche e despois pasarlle as costas a ese veciño.

Di que cando ela lle preguntou sobre canto tempo era “en breve”, a Sra. concelleira de Urbanismo contestou que 20 días ou un mes. O mes xa pasou e agora o que lle di é que xa non se vai contratar cunha empresa.

Dona Rocío Vila Díaz explica que esa era a intención cando faláron hai cousa dun mes e dúas semanas, máis ou menos. A polémica xurdiu cando quixeron levar a cabo iso, porque entendían que era algo de pouca entidade e que a brigada de Obras e Servizos podería facelo. Cando se comentou cun dos enxeñeiros do departamento, ao ver os planos que remitira Fomento no seu día para ver a liña de expropiación, ese enxeñeiro considerou que o veciño está cumprindo co que Fomento indicaba.

Ante esa dúbida, que ata o de agora non se tiña formulado, o que se fixo foi dirixirse a Fomento, que foi quen marcou a liña de expropiación, e á Deputación, para que informasen se realmente ese peche cumpre ou non cumpre co requisito que eles marcaron. Di que de aí esa diferenza entre o que lle dixo hai un mes e o que lle di agora.

Conclúe explicando que ante esas dúbidas preferiron tardar un pouco máis. Chegado o caso se se ten que demoler, así se fará, pero que diga Fomento, porque sobre todo é na súa parte onde hai máis dúbidas, se realmente está cumprindo ou non coa liña de expropiación, porque os técnicos municipais non o teñen tan claro como hai un mes.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto manifesta que ela realmente non sabe como se lles vai dicir iso aos veciños, e a Sra. concelleira sabe de que fala porque eses veciños tamén faláron con ela.

Di que cando ela lles comentou aos veciños o que a concelleira de Urbanismo lle dixera, como a pregunta estaba presentada por rexistro, ela entendía que a concelleira xa o tiña comentado con quen o tiña que comentar, e deu unha resposta.

Di que os veciños xa lle dixeron que iso ía ser mentira, que ese é un camiño público e que, non obstante, ese peche está feito dende hai moitos anos e que o que lle dixera a concelleira de Urbanismo era mentira.

Ela sinceramente díxolles aos veciños que non, que ao mellor se tivera sido outra persoa do goberno, pero que a concelleira de Urbanismo non lle contara ningunha mentira. Agora resulta que lles terá que dicir mañá que si, que tiñan razón.

Dona Rocío Vila Díaz manifesta que non lle contou ningunha mentira, o que lle dixo nese momento era así, era o que se quería facer, pero ten que comprender que ante a dúbida que presenta un técnico municipal eles prefiren ser un pouco cautos e agardar que lles confirmen a liña de expropiación, e logo continuar, porque despois hai outra polémica con ese sitio, que é o tema de se é camiño público ou non, porque nin nas Normas subsidiarias nin no inventario está recollido como tal.



Por outra parte, di que hai unha sentenza, cre que do ano 2010 ou algo así, que di que para poder chegar ao lavadoiro ten que ser a través da N-VI, ou sexa, teñen varios frontes abertos neste sentido. Eles agora están sobre todo centrados en se ese terreo está ben pechado ou non, e deixan o do camiño aí un pouco a expensas do novo inventario.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto di que ela ao pleno anterior traía toda a documentación, fotos e demais, porque ese é un camiño público, acoutado por dous valos, e figura tanto no Catastro, como nos planos do Reino de Galicia. Di que é un camiño acoutado por dous valos de altura, que pouco a pouco, coa conformidade dos técnicos municipais, e non ten nada que ver isto co PP, xa foi antes, hai anos, pero coa conformidade dos técnicos municipais, os mesmos que agora din outra cousa, pois ben, ese veciño foi collendo camiño, un camiño público. Os veciños non piden nada para eles, é un camiño de uso público e un particular comezou a facerse con el pouco a pouco, movendo o muro cara o camiño, e case non se pode pasar, iso ademais dun lavadoiro que hai.

Di que ela pensa que neste caso é a concelleira de Urbanismo a que ten que velar por algo que é público, algo que pertence a Cambre, para que unha persoa privada non se faga coa súa propiedade. Di que claro que os técnicos municipais din o que din, porque foron eles os que non pararon isto en 15 anos, e cada vez colle un pouco máis.

Conclúe dicindo que terá que ser o goberno municipal o que tome medidas.

Dona Rocío Vila Díaz explica que por iso lle dixo que, ante a dúbida, pedíronse eses informes, tardarán un pouco máis, pero polo menos quedará todo esclarecido.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto pregunta canto é ese pouco máis, nada máis para dicirlle aos veciños.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que por se acaso lle dá unha data que despois non cumpre, non lla vai dar. Ela o que lle di é que no momento no que teña eses informes que llos fai chegar.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto manifesta que xa a entende, igual que cando lle dixo que este mes a ía ter informada de todo o proceso e ela lle respondeu que aos veciños tamén, que a ela non tanto, pero si aos veciños. Dille que non lles dixo nada en todo este mes, e que vaia decepción.

3º Diversos medios de comunicación e axentes sociais, veñen facéndose eco da posible instalación dunha hidroeléctrica no salto de Cecebre. Rogamos informen con precisión da amplitude da realidade do proxecto a día e hoxe.

O Sr. alcalde contesta que respecto diso de informar con precisión e amplitude, el o único que lle pode contar son as indagacións que fixo. Efectivamente hai un proxecto, moi antigo, pero ese proxecto non se moveu e, polo que lle di Augas de Galicia, non hai intención ningunha de que ese proxecto se mova. É máis, a licenza preceptiva tiñan que pedila no Concello de Cambre, e aquí non houbo ningún movemento dende o ano 2009, no que pediron unha autorización para aprobar o soterramento dunha liña

eléctrica, que non foi adiante, e co cal está prescrita, ninguén formulou alegacións, pero tampouco a fixeron.

Di que eses son os informes que el ten da Xunta de Galicia, é máis, incluso chamou a Industria, porque aí é onde ten que moverse, xa que “Minicentrales eléctricas, S.L.” pertence ao grupo Fergo, e en Industria non teñen constancia de que alguén teña ido alí a preguntar nin sequera polo proxecto, un proxecto que é do ano 2004.

El sabe que saíron informacións na prensa, pero son informacións nesgadas, dende o seu punto de vista. A Xunta de Galicia o que si lle confirmou é que van facer o remonte para os peixes no encoro.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que eles alégranse, sobre todo polos peixes, pero pregúntalle se o que está caducado é a autorización para o soterramento da liña eléctrica ou a licenza en si, é dicir, pregunta se a día de hoxe existe unha licenza en vigor ou en posibilidade de ser executada no encoro.

O Sr. alcalde contesta que efectivamente hai unha concesión administrativa que está aí, latente, pero que ninguén executou en ningún momento, nin preguntaron por ela, nin se moveu ese proxecto nunca. Iso si, no ano 2012 houbo un proxecto para a construción dunha liña de media tensión subterránea para o aproveitamento hidroeléctrico en Cecebre. Levaba consigo a existencia dun impacto ambiental significativo que non se ía eliminar coas medidas propostas polo promotor, polo cal, unha vez presentado o documento ambiental elaborado pola empresa Sevisa, o Concello contestou de forma negativa, considerando as medidas correctoras propostas insuficientes.

Engade que iso foi no ano 2012, e que esa concesión de augas no río Mero é do ano 2004.

Don Daniel Carballada Rodríguez expón que, entón, se quixeran poñerse mans á obra, están no seu dereito.

O Sr. alcalde contesta que el non sabe o que faría a Xunta, nin Augas de Galicia, a el o que lle confirmou a Xunta é que non ía mover ese proxecto, que non se ía facer a central hidroeléctrica, que o que ían facer era o remonte dos peixes. Iso é o que lle pode contar.

Don Daniel Carballada Rodríguez explica que iso dependerá da vontade da empresa, non directamente da Xunta, loxicamente. Se hai unha empresa que ten unha concesión, non é quen a Xunta para dicir se se fai ou non se fai.

O Sr. alcalde di que non o sabe, que se quere pregunta á Xunta, porque estando a concesión en vigor dende o ano 2004, el non o sabe. O que lle dixo é o que lle contestaron a el dende Augas de Galicia.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que pregunte, e que moitas grazas.

### **3.3. Preguntas**

#### **Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 11109 o día 31 de agosto de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Veciños de Pontido, Sigrás, veñen solicitando ao goberno municipal que faga xestións para a colocación dun paso de peóns á altura da marquesiña do autobús sita en Pontido, na N-550. A contestación recibida do Sr. alcalde é que por ser esta petición competencia da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia remítese a este organismo. Transcorridos oito meses da presentación da solicitude nada se ten avanzado.

Por todo iso, este grupo pregunta:

Que xestións se teñen previsto levar a cabo para dar cumprimento á citada demanda de seguridade viaria?

O Sr. alcalde explica que ten con el a remisión das solicitudes de establecemento dun paso de peóns no lugar de Pontido, no Concello de Cambre, as datas en que foron remitidas, incluso a unha das veciñas que tamén presentou aquí un escrito. Foron remitidas por tres veces á Demarcación de Estradas sen que ata o momento tiveran unha contestación.

Di que hai uns días e por outro motivo, concretamente a semana pasada, pediu unha entrevista co delegado da Demarcación de Estradas para tratar este asunto e outro máis. Cando o reciba, comentaralle e reclamaralle o que din nesta pregunta. En todo caso, xa lles dixo que ten varios escritos solicitando isto e se queren pode darlles copia.

2ª Cales son as razóns polas que, a día de hoxe, non se teñen facilitado aos membros da Corporación as credenciais da súa condición de concelleiros, tal e como se recolle no Regulamento orgánico municipal?

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, contesta que estiveron traballando no deseño, ao mellor non coa présa nin coa celeridade que os concelleiros prefiren, pero nos vindeiros días van chamalos para que lles faciliten unha documentación. O deseño está feito e faltaría a sinatura e entregárllelo.

O Sr. alcalde di que a el gustaríalle aclarar o tema das credenciais, porque di que as credenciais de cada un dos concelleiros están dende o primeiro día que tomaron posesión, incluso a súa, tenas custodiadas a secretaria municipal, é un folio coa credencial de concelleiro. El cre que ao que se están referindo e á tarxeta, e iso é ao que se referiu o Sr. Andreu, para o que van necesitar unha foto, e inmediatamente a farán.

3ª En vista do aparecido na prensa:

- Cal é o estado do plan de mobilidade da Xunta de Galicia?
- En que puntos afecta ao noso concello?

O Sr. alcalde contesta que non sabe a que se refire a pregunta, o Plan Move ou o estudo de mobilidade.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, responde que se hai dúas cousas, ás dúas cousas, pero sobre todo do que se falou ultimamente é do estudo de mobilidade, onde se fai referencia, sobre todo, ao tema da vía Ártabra dentro do Concello de Cambre, así como á unión desa vía co enlace coa AP-9 e coa A-6, algo que o seu grupo entende que por parte deste Pleno e desta Corporación teñen meridianamente claro.

O Sr. alcalde explica que el xa lles dixera que a Xunta ía remitir o estudo de mobilidade, xa o teñen, e hoxe mesmo, á saída do pleno, vailles entregar unha carpeta a cada un dos grupos para que o vexan.

En canto a en que lle afecta a Cambre, en principio a Xunta deixou en suspenso o treito entre a AP-9 e A-6, e dende o concello van esixir para que cumpra co que se aprobou en pleno no ano 2008, unha estrada AC-80 convencional, con entradas e saídas. Iso é o que lles pode dicir.

Don José Manuel Lemos Seoane di que cre que xa o manifestaron nas comisións do pasado martes, pero quere lembrarlle o apoio por parte do seu grupo para o que sexa necesario co fin de acadar o obrigado cumprimento dos acordos municipais que se toman neste Pleno.

Di que é importante para os veciños de Cambre que esa conexión, tanto coa AP-9 como coa A-6, non parta o municipio en dous, e que se dea servizo aos veciños de Cambre. Dende logo, di que lles gustaría que o Sr. alcalde defendera os intereses dos veciños de Cambre nese sentido, ante as distintas administracións, sexa a Xunta de Galicia ou sexa a administración que sexa, porque para o desenvolvemento deste concello é importantísimo. Entenden que é a súa obriga e que así o vai facer. Dende logo cos cartos de todos os galegos hai que priorizar, pero que o deixen en suspenso xa lle parece un tanto tal, pero que supriman o enlace coa A-6 dende o logo o grupo socialista vai formular todas as trabas e inconvenientes posibles para que iso quede en suspenso.

O Sr. alcalde manifesta que non sabe que quere que lle diga, el cre que foi moi claro, el vai defender que se unan a AP-9 e a A-6 cunha estrada normal e convencional que poidan usar os veciños de Cambre, e non que se faga unha autovía como a que está proxectada, sen entradas nin saídas, iso é o que vai defender.

### **Preguntas de UxC presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 11116 o día 31 de agosto de 2013.

1ª O pasado 9 de abril veciños da Barcala solicitaron por rexistro o arranxo da beirarrúa na esquina das rúas Río Barcés con Río Mero. A día de hoxe non obtiveron ningunha resposta.

A beirarrúa estase deteriorando cada día máis debido á saída dos vehículos do garaxe.

Cando ten previsto o goberno arranxar a dita beirarrúa?

O Sr. alcalde explica que esta pregunta tiña que contestala o concelleiro de Obras, Sr. Marante, que hoxe non está, polo que poden optar por deixala para o vindeiro pleno ou porque sexa contestada por escrito. El non ten coñecemento deste asunto e non pode contestar.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, di que sen problema.

Antes de dar lectura á seguinte pregunta presentada polo seu grupo, don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que lle gustaría facer unha matización ao tema que falamos de Pontido, Sigrás, por respecto ao Sr. alcalde que antes lle deu a palabra, aínda que despois el decidiu calar, xa que ao voceiro do PSdeG-PSOE non lle gustaba que intervira na súa pregunta, pero por respecto ao Sr. alcalde que é o que dá e quita a palabra.

Simplemente quería dicirlle que dende o ano 2011 ten un escrito de UxC relativo a esa pregunta, nada máis.

O Sr. alcalde dille ao voceiro de UxC que el entende que queira intervir na pregunta doutro grupo, pero cre que non é procedente, el xa fai as súas preguntas, debe facelas, pero el, como alcalde, ten que respectar a cada un dos grupos que teñen feitas as súas respectivas preguntas. El xa sabe os escritos que ten, e sabe as veces que foi falar co delegado de Fomento á Demarcación de Estradas, pero neste caso tiña razón o Sr. Rey porque o Sr. García Patiño quería intervir nunha pregunta do grupo socialista cando non tiña que facelo.

Conclúe dicindo que el non sabía para que pedía permiso o voceiro de UxC, tamén o voceiro do PP levantou nun momento a man e era para ir ao servizo, se chega a saber que era para intervir na pregunta xa lle tería dito que non.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta, en contestación ao voceiro de UxC, que o Regulamento orgánico municipal, como todos saben, permite a intervención doutros grupos nos rogos, non nas preguntas, e dado que son eles os que establecen as prioridades e as preguntas non entenden por que hai que interrompelos cando as formulan. Se se quere formular algunha pregunta a maiores ten a súa quenda, as formula e punto, pero non na quenda doutro grupo. Di que como o Sr. García Patiño pide sempre respecto e di que non molesta aos demais, el tamén lle pide o mesmo respecto para o grupo socialista, nada máis.

O Sr. alcalde pide que dean lectura á seguinte pregunta.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, lembra que teñen unha pregunta pendente do pleno anterior, onde non estaba o concelleiro responsable don Fernando Caride, sobre a piscina, e pregunta se a vai contestar agora ou se a trae para o vindeiro pleno.

Don Fernando Caride Suárez contesta que pode facela agora.

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá lectura á pregunta:

Os veciños de Cecebre, para inscribirse para o uso da piscina municipal situada na dita parroquia, teñen que ir ás oficinas municipais da Barcala, volver ao centro de Cambre (ou O Temple) para facer o pago no banco e volver ás ditas oficinas co xustificante e volta a casa, todo un periplo que podería solucionarse facéndose nas dependencias do Concello de Cambre, como se facía anteriormente.

Ten o goberno municipal algunha solución para esta situación?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que xa o ano pasado, a raíz do que lles viñan formulando varios veciños dos Castros do Bosque que son os principais afectados por esta situación, propuxeron aos servizos municipais a posibilidade de que a empresa que está levando o servizo de socorrismo se encargase do cobro da taxa. O que pasa é que aí entran nun pequeno problema legal, porque tería que facelo fóra dos horarios, xa que o socorrista durante o seu horario está contratado para realizar os labores de socorrismo, tería que facelo antes de entrar a ese traballo, o cal tamén dificulta a situación, porque estarían falando de que sería de 9:00 a 9:30, co cal non todo o mundo podería ir.

Á parte diso, di que se xeraba outro problema, porque se trata de persoal non municipal que se ía encargar da xestión duns fondos que despois ían vir ao concello. Por todo isto houbo unha pequena discusión legal sobre se se podía facer ou non. O que se decidiu foi non facelo.

Continúa dicindo que como nas oficinas da Barcala hai TPV para efectuar o pago, entenderon que si se podía facer. Efectivamente pode darse o caso de que alguén que vaia pagar en efectivo teña que ir ao banco e facer todo ese trámite, pero tamén se lle dá a posibilidade de poder facer o pago, mediante o TPV do concello, que non ten maior custo para eles os cidadáns. Efectivamente o feito de que non haxa banco na Barcala é certo que dificulta o trámite, pero eles non poden poñer un banco na Barcala, o que si que tiñan era a posibilidade de poñer un TPV, e xa se puxo, precisamente para evitar todo ese tipo de problemas, non só coas taxas da piscina, senón con outras taxas dunha instalación deportiva que queiran alugar, etc, facilítaselles o TPV e poden facer o pago mediante tarxeta de crédito ou débito.

Conclúe dicindo que esa foi a solución que deron xa na pasada tempada, o verán pasado.

Dona Elisa Pestonit Barreiros pregunta se non se podería facer como se facía antes, en dependencias do concello, porque claro que hai un TPV e que se pode pagar con tarxeta, pero é que hai moita xente que non ten tarxeta ou que non ten por que

funcionar con tarxeta. É dicir, ela o que pregunta e se se podería poñer como estaba antes.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, explica que o concello contratou a administración electrónica, iso leva unha plataforma de rexistro que lles vai permitir que todos os expedientes que se presenten, incluso o pago de taxas, facelo dende calquera dependencia municipal, é un SAC, é unha idea que trouxo aquí o hoxe voceiro de UxC hai uns anos, e que eles retomaron porque lles parecía moi interesante, e teñen intención de facelo. Agora mesmo está pendente do informe para a adxudicación desa plataforma e en canto a teñan implementada xa o poderán facer.

Don Fernando Caride Suárez engade, xa para finalizar, que por iso tampouco deron máis solucións das que xa teñen, porque precisamente están traballando en facer unha implementación dun sistema que permita facelo de forma xenérica. Como é algo temporal, e cando di temporal están falando de que o horario de apertura da piscina dura de xullo a agosto, tampouco era cuestión de buscar outra solución cando sabían que en breve prazo de tempo van contar cun sistema novo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros solicita que sexa canto antes, porque isto non é un capricho dela, á xente realmente cáusalle un trastorno terrible este tema. Canto antes estea en marcha a plataforma, agradeceríallelo.

A continuación, dáse lectura á segunda pregunta presentada por UxC para este pleno.

2ª A praza José Luis Caso Cortines atópase nunha situación lamentable tal e como podemos ver na reportaxe fotográfica que achegamos.

Teñen pensado arranxalo e cando?

O Sr. alcalde contesta que xa teñen feito o estudo e supón que no prazo, aproximadamente, dun mes, iniciaranse os traballos alí. Di que teñen un problema grave, esa praza é pública, pero debaixo están os garaxes, e toda a obra que fagan, se tocan a impermeabilización ao final repercute nos garaxes. Di que xa estivo co enxeñeiro municipal, don Óscar Souto, vendo o asunto, e están facendo un pequeno proxecto para resolver o problema, porque o problema non é pequeno.

Ante a pregunta da Sra. concelleira, o Sr. alcalde contesta que si, que el calcula que no prazo dun mes poden empezar a facer as obras.

3ª Veciños da Barcala diríxense ao noso grupo para manifestar o seu malestar pola situación de abandono que sofren na urbanización A Barcala, en concreto o armario eléctrico apegado á Galiña Azul que se atopa sempre aberto, con risco de electrocución para os nenos.

Ten pensado o goberno facer algo ao respecto?

O Sr. alcalde contesta que ten toda a razón, el foi a velo persoalmente e ten toda a razón. Xa deu orde de que iso se substituíra por un novo armario, porque ese armario

xa foi amañado aproximadamente seis veces, e as seis veces non sabe que é o que lle fan, que o rebentan, abren a porta e permanece así. Di que van tratar incluso, ou iso pensan, de substituír o armario por un metálico con pechadura.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, di que é o mesmo problema que o valo do que teñen falado, rompe, reponse, volve romper, volven repoñelo, e así sempre.

O Sr. alcalde di que por iso cre que o mellor é substituílo por un armario metálico e a ver se os vándalos non o rompen.

### **Preguntas de EU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 11106 o día 30 de agosto de 2013, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª O grupo municipal de EU ten denunciado en varias ocasións as necesidades de baños públicos portátiles ao longo do concello e dotar os ditos lugares con servizos ecolóxicos. Xa no mes de xullo, concretamente para o parque Ramón Barba, o noso grupo municipal solicitara que se instalara un servizo público portátil, debido á afluencia de persoas de avanzada idade que frecuentan o dito parque. O concelleiro responsable indicou que nuns días estaría instalado, e como vén sendo habitual, xa pasaron case dous meses e segue sen instalarse.

Ante esta situación o grupo municipal de EU pregunta:

Ten o goberno intención de dotar dos ditos servizos nos lugares necesarios e van facer un estudo para delimitar onde serían necesarios? Van instalar no Ramón Barba un servizo público tal e como se comprometeron e en que data?

O Sr. alcalde sinala que esta pregunta é tamén do concelleiro de Obras e Servizos, Sr. Marante, e pregunta aos concelleiros de EU que queren facer.

Dona Mª Olga Santos López, concelleira de EU, contesta que a deixan para que sexa contestada no vindeiro pleno.

2ª Xa hai algún tempo dende o grupo municipal de EU interesámonos pola situación na que se atopaba o parque interior da urbanización que se atopa á altura do número 12 da rúa Tapia. O dito parque correspóndese cun espazo público que, sorprendentemente, atópase pechado por un portal que impide o paso a calquera veciño ou veciña alleo á urbanización. Neste intre este espazo atópase en obras e reformas, supoñemos que para mellorar ou eliminar algunhas deficiencias detectadas.

Ante esta situación o noso grupo municipal pregunta:

Ten coñecemento o goberno da realización desta obra? De ser así, podería informarnos en que consiste, quen a executa e quen se fai cargo dos seus custos e, por suposto, cando poderán os veciños da Tapia desfrutar deste espazo público?



Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que teñen coñecemento desa obra. Di que pertence nestes momentos á entidade BBVA, que é quen está executando a obra e para iso ten contratada á empresa Alvac, S.A.

As obras teñen dúas vertentes. Por un lado consiste en subsanar uns erros que xa se tiñan detectado no ano 2010, que quedaban recollidos nun informe que fixo o xefe de Obras e Servizos e, por outro lado, unhas obras que realizan eles a maiores que é a impermeabilización de toda a circulación da praza interior e a reposición do firme. As obras que derivan do informe do xefe de Obras e Servizos son obras de saneamento, abastecemento, iluminación pública e accesibilidade.

En canto ao prazo, dixéronlles que se se mantén o bo tempo contan con poder acabar a finais de setembro. Despois poderíase abrir no momento no que queden recepcionadas as obras.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, pregunta se eses eran os erros que impedían ao concello recepcionar a obra, se son concretamente esas deficiencias.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que si.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López di que, entón, entenden que subsanadas esas deficiencias, se o concello dá o visto e praxe e está todo ben, o concello pode recepcionar a obra e inmediatamente se abrirá ao uso público.

Dona Rocío Vila Díaz di que iso si que é certo, pero que xa falaran deste tema, cre que con todos os grupos políticos. Hai tres espazos, que se atopan todos na rúa Tapia, respecto dos que se tiña chegado a un acordo de poder abrílos en horario diúrno e pechalos en horario nocturno, pero en horario diúrno estarían abertas para todo o público. Di que iso xa o tiñan comentado con todos os grupos, e están pendentes dun informe

3<sup>a</sup> Para Esquerda Unida a democracia fundaméntase nun dobre compromiso: o dos cidadáns cos asuntos públicos e o dos poderes públicos coa cidadanía. Este dobre compromiso débese basear nun reforzamento da participación, o control e a garantía da crítica da sociedade civil sobre as administracións públicas, as cales deben favorecer a participación directa dos cidadáns na xestión dos asuntos públicos, posto que se trata dun dereito dos veciños e veciñas.

É un obxectivo político de Esquerda Unida a posta en funcionamento do Regulamento de participación cidadá que impulse o asociacionismo, a participación social e o afondamento e fortalecemento das estruturas democráticas, sendo a intención do noso grupo municipal potenciar a creación e funcionamento dos consellos sectoriais, tal e como están establecidos nos artigos 130 e 131 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e no Regulamento de participación cidadá aprobado polo Pleno do concello.

Con base no exposto, unha vez máis preguntamos:

Que medidas ten tomado o goberno para facer efectiva a democracia participativa, segundo o contemplado no Regulamento de participación cidadá aprobado no ano 2011?

O Sr. alcalde contesta que este é un tema que el cre que xa trataron no pleno do mes de abril. Xa comentaron a escaseza de persoal, a imposibilidade de contratar máis, e que só tiñan unha persoa que figura como responsable de Participación Cidadá.

Explica que por iso decidiron contar con apoio externo para facer efectivo os consellos sectoriais. Dende o mes de maio están traballando na contratación dese apoio, asesoramento e seguimento na creación dos consellos sectoriais previstos no regulamento municipal, cun prego por importe de 10000 €. Neste momento están tramitando o expediente de contratación, pendente dun informe do técnico responsable de Participación Cidadá. Cando veña, que está de baixa, supón que fará o informe e inmediatamente finalizarán a contratación. Di que é unha desgraza que estea de baixa, pero é así, está sen o técnico don Ricardo Puertas.

Conclúe dicindo que, en todo caso, iso está en marcha, tardará un mes ou mes e medio, pero vaise poñer en marcha, seguro.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, di que eses 10000 € asignados son exactamente a metade dos 20000 € que estaban orzamentados no orzamento do ano pasado, é dicir, aquí tamén hai que dicir que a participación cidadá sufriu un importante recorte, de 20000 a 10000, e vanse destinar na súa totalidade á contratación dunha empresa.

O Sr. alcalde contesta que si, esa empresa realizará o asesoramento e posta en marcha dos consellos sectoriais. El supón que a partida orzamentaria chegará, xa que só quedan catro meses deste ano.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 11203 o día 2 de setembro de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1<sup>a</sup> Que balance fai o goberno municipal das festas de Cambre e do Rock in Cambre?

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, contesta que o balance que fan é un balance razoablemente bo. A asistencia tanto ao Rock in Cambre como ás festas foi bastante boa, tanto ás verbenas como ás actuacións que fixeron coa rede da Deputación, e non houbo ningún incidente, a pesar da asistencia de xente.

Conclúe reiterando que cre que o balance foi razoablemente bo.

2<sup>a</sup> Como está a situación relativa ao/aos grupo/s que tiveron problemas no Rock in Cambre do ano pasado?

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, contesta que está igual que estaba no pleno anterior, segue igual.

3ª É posible acceder en coche a Vila Concepción dende a glorieta do Seixal ou é preciso baixar ata A Raqueta? No caso de ser precisa a segunda opción, non sería posible negociar con quen corresponda unha sinalización diferente?

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, explica que esta pregunta a traen aquí por petición dos veciños, el a verdade é que non ten un coñecemento detallado, el viuno e cre que iso é certo, pero non o sabe fixo.

O Sr. alcalde contesta que el cre que está perfectamente sinalizado. El mesmo pasou hoxe tres veces pola rotonda do Seixal, incluso hai unha frecha que está marcada para subir cara arriba, os coches que veñen dende A Raqueta teñen un paso de peóns, teñen un semáforo e paran, e quen vai pola rotonda vai para arriba ou vai para a esquerda. Non ten ningún problema nin hai ningún sinal.

Engade que el entende esta pregunta, porque se van a Google, como fai moita xente, aparece un sinal, non di que sexa o que fixo o Sr. concelleiro do BNG, senón ao mellor outros, porque ese é o erro. Esta mañá tiveron esa mesma discusión coa Policía Local, que foron os que lle ensinaron Google cun sinal de dirección obrigatorio. El díxolles que o mellor era ir alí e ver o sitio, e iso foi o que el mesmo fixo, e está perfectamente sinalizado e pintada na estrada a frecha de subida para Vila Concepción. Na rotonda pódese virar cara a esquerda, ir para Perillo ou subir directamente.

Don Daniel Carballada Rodríguez explica que a dúbida é coa liña punteada que hai, onde o ceda o paso, saber se só os vehículos que veñen dende A Raqueta que poden subir por esa rampla, ou se tamén se pode dende a propia glorieta.

O Sr. alcalde contesta que poden subir dende a propia glorieta, sen ningún problema, aí non hai ningún sinal que o impida, e os que veñan da Raqueta por suposto tamén poden subir, é máis, teñen máis dificultade para subir os que veñen da Raqueta que os que van da glorieta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Manuel Rivas Caridad

Verónica Mª Otero López